



O chapeu do indigente
Esgotar os ollos

JULIO FERNÁNDEZ

O chapéu do indixente
Esgotar os ollos

JULIO FERNÁNDEZ

Julio Fernández,
Estaleiro Editora, 2012

Asociación Cultural Estaleiro
estaleiroeditora@gmail.com
www.estaleiroeditora.org

Revisión lingüística:
Marcos Abalde

Deseño e maquetación:
Nadina B. S.

Depósito Legal: C 1173-2012

Impreso en Publidisa



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións:



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome do autor e da editora.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.



Non comercial: Non pode empregarse este traballo con fins comerciais

ÍNDICE

O chapeu do indixente

7

Esgotar os ollos

45

O CHAPEU DO INDIXENTE

CONSIDERACIÓNS PARA A LECTURA:

As vírgulas son pingas de ar para o falante,
medianas e secantes (que fan medrar as maiúsculas),
aspiradas e difusas (que deixan correr as minúsculas)

Restos de portas no chan.

Botes de pintura branca.

Un chapeu de cor cincenta.

Entre o público, un escuro indixente cun libro branco.

*Muller cun vestido moi branco na metade do palco levando de
acá para alá un inmenso ramo de flores.
Suspiro longo, perenne, ondulado e folgazán.*

Adiviñaches, non hai fondo nese chapeu cincento,
aquele que estaba pousado sobre a mesa de noite e que agora
xace no chan non sei por que,
á espera de que eu fale del,
sobre este piso de madeira que é incapaz de calar cando eu ando,
Alguén esqueceu na casa a peza, antes de que eu viñese
a vivir aquí, escoita, moro nesta casa e non en calquera
outra porque nesta había un chapeu cincento para cabeza
pequena enriba dunha mesa de noite cando a merquei e non
imaxinaba que significado podía ter este detalle, asegúroche
que ao o colocar na miña cabeza sentín que o mundo se
expandía, tal como sabemos que certamente sucede, escoita,
Os barcos á deriva son a imaxe da fragilidade que soño,
as miñas carnes abertas
á estrañeza da vida,
Vostede e mais eu viaxamos sen rumbo nun mar sen
contemplacións, trátase dunha canoa de palla recuberta
dunha pátina de cera,
A cera vai perdendo a súa consistencia de modo que no medio
do mar a canoa se enche de auga,

Fágoche rir?
É preciso drenarmos a auga, non hai outro remedio se non
queremos que se afunda,
Unha vez en terra teremos de reparar a cera,
as capas acumúlanse e o seu peso ameaza con facer imposíbel
a navegación,
Si, haberá que construír unha nova vida,
entendiches?
Mentres falo e falo para ti
preparo un morteiro de historias na miña memoria
entrego a miña vaxina ás fauces dos descoñecidos
De maneira que todo poida ser computado e penetrado
asemade
en infinidade de voces
e ti poidas escoitalo con claridade calidoscópica, home,
Na miña cabeza arrinco as follas de escrita, arríncoas unha
a unha, córtoas en anacos, machúcoas, póñolles silencios,
en cada parágrafo haberá parágrafos doutros silencios,
acrecento allo, o allo cala as locucións até atestar o morteiro
de infinitas preguntas
para que as palabras compoñan unha pasta a punto e al dente,
Iso é,
Non te dás conta?
Hai un lixeiro cheiro a salmoira en cada palabra que me escoito
dicirche,
Acrecéntalle perexil cando o recibires,
cando acordares, habemos de envellecer de inmediato,
Mais ti xa acordaches,
mais ti xa envelleciches,
ti xa case non existes

Breves sons de chuvia.

As voces dos anciáns que sobreviven en asilos de beneficencia
pérdense sen que ninguén as acariñe,
os vellos que aprenderon a ser meniños con naturalidade
sálvanse de ser violados polas enfermeiras, deles ninguén ha
de conservar os ósos cando faleceren, enterrados en desexos
que en vida aparecen como murmurios tenues,
As mans que os coidan non atenden á infancia dos seus ósos,
Foi o mellor que puides facer, home, fuxir en soños e perder
toda a memoria e non lembrarse de nada,
corpo latente,
mais inmóbil,
mais a viaxe,
ti mais eu sabémolo,
xa acabara cando te deron por morto,
naquela illa de idealismos,
Despois diso
permitíronche voltar
para acabares os teus días nese fedorento océano de augas
verdes

A muller contéplase nos ollos do indixente.

Son eu, e con todo non son eu a quen agardo,
Sorrío,
achégome a ti,
sorrío,
Si, sorrío, es ti quen olla para min, non eu, eu só me arrolo,
Lembras o que me dixeches nunha ocasión?
Se ao andares cravas os teus ollos nos pés, tarde ou cedo vas
facer un nó nos pasos,
Rinme tanto con aquela saída que esquecín que para ti
aquel asunto de andar, só andar, era triste, como unha
descubrimiento sen emoción

A muller contéplase nos ollos dun espectador.

É que non ficaches farto de dar voltas polo mundo antes de que
o mundo acabase contigo?
Gostaba de agardar, mais iso xa acabou, gostaba, como quen
agarda un aceno un tempo longo e deixa que os pensamentos
urdan labirintos de sudarios en todos e cada un dos
segundos,
Agardeite eternamente,
ti non podes imaxinar,
a miña madeixa era o corpo de todos eses homes que se
deixaban caer ao meu lado e tomábanme
como se eu fose
o que era
unha muller da vida
unha princesa nun conto de rameiras brancadeneves,
Xa,
Se non te ollas aos espellos, a cada un dos espellos que enchen
os baleiros, non saberás nunca quen es,
Se non sabes que nin sequera te asemellas ao que ves, só verás
os rastros dos outros rostros de ti, non podes imaxinar o
que

*A muller arrinca as flores do ramo que sostén entre as mans e
espállaaas lentamente polo espazo.*

Por que voltaches?
estabas doente,
só por iso voltaches,
para que eu te recollese nos meus peitos,
Ti estabas doente,
tan doente,
que só as tetas das monxas enfermeiras podían acollerte, home,

E agora mentres falo, nas miñas mamilas hai espasmos de
tenrura, esa tenrura que fun acumulando de tanto ver
o estraño que era o mundo sen amor,
oxalá eu puidese coma ti viaxar nun barco reconstruído con
follas secas encoladas con engrudo,
e desaparecer,
e tornar cando quixer,
para que me ingresasen nun asilo,
Debrúzome no balcón e sorpréndome
e envexo a realidade, si, envexo, digo,
Xa non poderei nunca saír á rúa sen a certeza de caer unha
e outra vez
e quebrarme
todas e cada unha das membranas sensíbeis, o hime dos
sentidos,
nin sequera, escoita, podo descer as escadas ou entrar no
elevador sen medo a me atopar con alguén e botarme aos
seus brazos, como sempre, para foder con auténtico gosto,
e quebrarme

A muller acaba de esgazar as flores do ramo con virulencia.

Desde que tiña apenas oito anos é así, non estou doente, non
son así, non son así, non son así, non son así, non nacín así,
e con todo
a gravidade aniquila os meus pensamentos cada vez que me
enfrento ao ar libre,
para foder con auténtico pracer con todo aquel que se achega
a min para me dar unha aperta amábel,
son fraca,
é a miña fraqueza a que fai de min unha muller constantemente
necesitada
de sexo,

Sei o que pensas, sei o que pensas, sei que me deixaches para
fuxires da condena de me ver impropia, allea, prisioneira da
morbidez desta carne sen sol que a cure,

Insisto,

insisto,

Nunca puiden evitar entregarme a todo aquel que me daba
unha caricia

Soa un timbre.

Si, quen é?

Nai es ti?

Vaite,

tes máis fillos, tes outros fillos, e teste a ti mesma, estou a ter un
arrebato, non che poden abrir,

Quero estar soa, non soporto que desexes coidarme

Soan pasos que se afastan.

E agora ela vaise, rostro humilde, mañá ha de voltar, só quería
saber se durmira ben, e preparar o almorzo, e deixar a
compra no frigorífico,

Non esquezas xantar, non pases o día a ollar a través da xanela,

Ese chapeu de quen é?

*A muller dá uns pasos cara ao chapeu, apáñao, próbao, busca
no seu interior.*

A continuación diríxese para o indixente.

Deixo que entres no meu corpo porque quero,

Máis que outros días tes no rostro gravado o teu destino
extravagante,

Non es un deficiente nin un subnormal nin un atrasado como din,

Tes falta de cordura, si, mais só falta de cordura,
Cando te coñecín, ti deambulabas polo barrio, detiveches os
teus pasos fronte ao meu balcón,
Déixasme regar as túas plantas?
Non había plantas no balcón, só un testo de terra cun bacelo
murcho,
Desde aquel día, o meu balcón foise enchendo de terra,
enchendo de talos que ti regas ao vires,
Acho que a miña vida é só un experimento de vida neste
planeta, díxime ao entrar no meu corpo,
Todos somos pequenos experimentos da vida, respondo, todos
somos variacións en vías de adaptación,
Gosto de estar contigo, pasaremos xuntos as horas, espidos e
xuntos sobre o chan, as miñas costas contra o teu peito,
Tómame con suavidade extraordinaria,
O teu corpo delgado que arrecende a gasolina é a durmideira
do meu corpo

*Suspiro redondo, suave, afábel, calmo.
A muller abre os botes de pintura.*

Acostumo pensar como sería un mundo de persoas carnais
onde ninguén escapase á condena da fraqueza.
Sería preciso ter máis coidado os uns cos outros, non habería
violencia,
que estraño mundo sen violencia nos actos,
Todas as persoas nacerían sabendo que calquera rozamento é
un asunto delicado,
e trataríanse entre eles con respecto para non se ofenderen,
a ofensa é un motivo de ruptura física e a ruptura é parte da
morte,
A xente necesítase no interior dos armazóns,
Ás veces penso na morte, no descansar final do meu útero,

e río,
Son cómicos os finais programados, a terra branda e húmida
mesturase co seme,
O meu corpo non soportou a dor do crecemento,
Era preciso crecer e crecín, son obrigacións vitais, como chegar
a morrer,
Non tes nada, os teus ósos son fortes,
eles non poden comprender a necesidade constante de calor,
non comprenden que queira ser femia a calquera hora,
Para probar que non estou ben da cabeza baten cun martelo
no meu xeonllo,
O xeonllo non se move, non ten reflexos,
O que quebra non é a cabeza, mais o cordón umbilical que nos
ata para sempre á árbore do desexo,
Non ten reflexos porque o xeonllo se prepara para o golpe,
O meu xeonllo pensa por min,
Óllasme con desconfianza,
E el, que dicía el?
Díxome algunha vez que se sentía anoxado e traizoado
e humillado por eu ser unha fulana,
antes de fuxir,
Mais cando principiou todo?
Co desxeo do Polo Norte, co desxeo do Polo Norte
foi cando comecei a sentir que a fraqueza se facía dona do meu
corpo,
Foi aquela imaxe no televisor,
os bloques de xeo a vagaren polo mar,
a desaparición
si
daquel mundo descoñecido,
Aos 8 anos, branco, puro, intenso,
Fítasme sen saber o que dicir,
É certo, foi ese mesmo día,

Eu pensaba que a miña repentina febre estaba causada pola
visión daquel efecto da mudanza climática,
É psicosomático, respondes ti en ton afábel,
non obstante ti só es un espectador,
Leo os teus pensamentos un por un,
Naturalmente que o desxeo do Polo Norte influíu,
Escondes a cabeza baixo o xeo, disme
Non entendo que non sexa lícito esconder a cabeza baixo o xeo

A muller espárese o contido dos botes sobre as portas.

No circo que habita no meu chapeu, os personaxes teñen a
irremediábel sensación de que cedo ou tarde a traxedia vai
acudir a visítalos,
Viven con esta obsesión durante anos sen que nada aconteza
nunca, mais sen poderen gozar tampouco do seu traballo
circense, nin deles mesmos tampouco. Son seres ofuscados
pola premonición, o fatalismo e o desacougo,
O único habitante do chapeu que en segredo ten confianza no
seu futuro é o pallaso do circo, un personaxe egoísta mais
con gran capacidade de sedución,
A trapecista estrela, unha moza tímida, filla e neta de trapecistas
pesimistas, habitantes de chapeus de pésames, namorouse
fugazmente do pallaso,
O voo da trapecista convértese en sublime, delicado, alegre,
após namorar do pallaso,
O seu voo é agora seguro, excelente, prometedor,
O seu voo pérdese na noite e a trapecista cae
alén do chapeu,
cae alén do chapeu,
no chan cheo de púas

Soa o asubío dun tren ao lonxe.

Os días pasan a unha velocidade xorda,
A velocidade e a xordeira camiñan xuntas desde que unha pariu
outra,
Aquel día en que o meu pallaso partiu, eu pensei que tería de
saltar sobre a rúa desde o balcón para poder sobrevivir as
púas que

Unha bolboreta nocturna cruza o ar.

As oportunidades, no entanto, escasean, é preciso aproveitálas,
escoitar implica pararse, facer un alto,
deixar a oportunidade partir,
que os accidentes non interveñan no azar
para que o azar continúe a ser
invisíbel,
Tomo as miñas mans, deseño sobre o chan coas miñas mans,
son trazos de auga en calma,
Non hai pincel,
non hai pinceis nas tendas para que a xente non poida dar
brochadas ao acaso e sen pensar o que está a pintar

A muller vai estendendo o branco.

A muller dirixe as súas palabras ao indixente.

Ti tráesme as portas, restos de portas de armarios e de vivendas
que a xente tira xunto aos colectores de lixo,
Ti recolles as portas para eu as pintar,
Cando gostas dalgunha das portas, lévala sen che interesar se
está rematada ou non, e expola nunha das prazas que os
turistas frecuentan,
Ás veces, es capaz de vender algunha das portas en branco,
pobre tolo cara de pan,
eles xulgan que es ti o autor da obra e mércanchas, porque lles
dás pena, ou porque soñan

con ter pendurada na parede a porta dun artista xenial,
non te decatás?
Chegas á casa correndo, dásmo a metade do diñeiro que che
deron,
é o xusto disme,
e eu dígoche, noméote administrador da miña fortuna,
Ás veces esqueces recoller as pinturas que non vendes, e as
portas permanecen na praza até desapareceren
ou pasan a ser parte do chan da praza,
como se fosen buracos cara ao fondo das cidades,
a xente non ten pudor en pisar as portas que non comprenden,
nin o branco,
Por sorte están os axentes da limpeza para tiraren ao camiión o
que atopan
e a xente non entende,
o atopado incomprendíbel,
metáforas abertas a outros chans,
Non hai solución

*A bolboreta nocturna cruza o ar en sentido contrario.
A muller dirixe as súas palabras a un só espectador.*

A propiedade matou a arte, tamén o sexo, a utilización
beneficiosa da sinatura foi o final lutuoso da arte,
eu non me vendo e con todo vostede chamoume puta antes,
pouco despois de comprar o billete para me ver,
só porque dixen algo do que non gostaba,
e porque fodo con todo aquel que sexa capaz de me dar unha
aperta,
Xa,
Ninguén fai arte por amor nin fode por amor sen medo a
cometer unha acción ridícula ou contraer infidelidade,
Fai o que queiras disme agora,

Fai o que creas que che fai ben,
non nos coñecemos,
E iso fago,
non me chames logo xenerosa e doce,
Pintar derramando as cores polo mundo enteiro sen portas é o
único que fago libremente,
Hai tempo que experimento a necesidade de derramar os
efluvios das emocións,
Unha auténtica merda de cores que circulan como propagandas
que reclaman o dereito a ser violadas,
a pesar de que como sabes
me entrego ao primeiro home que pousa a súa man sobre o
meu pescozo con candidez e tenrura,
A merda nos museos-mundos apesta,
están tan cheos de merda como o universo está cheo de buracos
negros,
tanta merda que non saben xa como exportala para a África,
mais non o que chaman «arte» senón o que a arte chama
«electrodoméstico»,
A este paso os países serán urinarios para cagaren dentro os
paisanos todos
artistas,
e terá de resucitar Duchamp para pintar timidamente unha
paisaxe de laranxas nun frigo e que Beuys resucite tamén
para dicir que todos somos paisaxistas,
Odias a arte doméstica porque ti non vendes nin unha noxenta
táboa,
só esas que ese coitado consegue vender cando dá pena,
Hai tempo que renunciei a continuar a facer, responderei se
algunha vez me pregunta un crítico sobre o sentido das
miñas merdas,
Non che preguntarán,
Non virán,

escoita,
pola primeira vez na túa vida chamas «arte» ao que fas,
Non te burles, non quixen dicir iso,
Estou a envellecer
nótoo
presíntoo

A muller avanza entre o público cara ao indixente.

E ti, que levas aí?
Déixame ver ese pequeno libro en branco que tes entre as
mans

*A muller arranca o libro das mans do indixente, arranca as
páxinas do libro, arranca o indixente da súa butaca, lévao
á escena, obriga o indixente a que lle dea cariño, déitao, ca-
balga sobre el.*

Aseguras que podes entrar en transo e elevar o teu corpo,
Non digas estupideces,
Todas as obsesións son abandonos
fixacións,
Na cerimonia da lucidez
non hai máis que simulacións
de lucidez

Un intenso feixe de luz branca escapa dun bote de pintura.

a gravidade disloca os ligamentos que suxeitan o corpo ao
cerebro,
a miña cona fala por min,
os meus peitos falan por min,
o meu cu fala por min

*A muller déitase sobre as portas do piso. O seu vestido fica manchado pola pintura.
A muller incorpórase e senta diante do público.*

Ti non obstante,

Ti,

o meu amor tantos anos, o meu home, agarrábaste ás cousas como enfurecido, Cousas, sempre cousas, traballo, proxectos, vivenda, carro, relación, títulos, pracer, recoñecementos, desexo, ideoloxías, lugares, fotografías, orgasmos, nomes, soños, cousas, amor, todo cousas, cousas,

só unha cousa non tiveches, un fillo,

Abandonáchesme porque non aturabas o meu fedor sexual, non quixeches ver a miña fraqueza porque a fraqueza non ten corpo, dicíasme, é intanxíbel,

e ti

E eu, eu, todo o que eu podía darche non estaba dentro do compendio das cousas que non eran cousas,

Hei de recoñecer que desexaba estar á túa beira,

e non me enganaba nin mentía cando dicía que amaba o teu corpo e tamén a turbulencia dos teus lazos,

cousas,

a pesar de que a miúdo me causaran tanto mal,

cousas

Muller fala ao ouvido dun espectador.

Todo ocorre na cortiza,

Todo ocorre no extravío,

Todo ocorre na cortiza

Muller corre á escena.

Íspese.

Pinta co seu corpo o chan.

A medida que o Universo se expande o tempo rodea ao tempo
en sucesivas capas,
O mundo é unha complexa sucesión de mundos concéntricos e
planos que tenden ao baleiro no seu interior e ao infinito no
seu exterior,
A medida que transcorre o tempo,
Escoitade,
a realidade ocupa unha nova cortiza máis ampla e complexa
que deixa atrás a anterior,
O tempo configura a materia e o extravío,
por iso,
ao principio non había nada,
por iso,
si,
ao final non haberá nada,
E ao momento, neste punto, dentro do acontecemento puntual
onde nos achamos, tampouco haberá dentro dun momento
outra cousa que baleiro en evolución,
O tempo non ten sentido, só dirección,
Si, non fai falta que o repita a gritos

A muller coloca o chapeu na cabeza do indixente.

Veume o período
á miña idade

Suspiro locuaz, estendido, dúctil, evasivo.

Non sei dicir o nome da cidade onde se encontra este lugar,
esquecín a propósito calquera referencia trivial,
A cidade é un pequeno barco dentro dun mar de informacións
sen contexto,

Debruzada na pequena xanela oval do meu cuarto, case non
recoñezo a paisaxe entre a néboa,
A miña casa méxese coa cidade que a contén, dentro da súa
estrutura militar preparada para a defensa, como un gran
transatlántico sobre augas en aparencia tranquilas, e os meus
pés sobordan, sobordan sobre a terra,
Non tes terra, non teño terra, é certo,
e ti, como o sabes?

Intenso cheiro a menta.

Ás veces acontecía que un cheiro a leña queimada chegaba
sen que nada se puidese facer por evitalo,
De onde vén e con que fin, preguntaba el,
É un cheiro vello
que vai tardar en irse,
En canto duraba a súa presenza, o ar contaminábase de
recordazóns alleas, asuntos que non me pertencían,
intranscendentes
paixóns inconclusas
fragmentos agridoceos
pesadumes ociosas,
O fume do indelébel, do que nunca puido ser esquecido e que o
vento arrastra de acá para alá,
dun lar a outro,
agora procura de forma frustrada o meu corpo,
Eu rexéitoo,
como se fose un pesadelo
inapagábel

Soa un timbre.

Mastúrbome coa mesma materia con que me alimento,

Gosto do curry porque a fosforescencia do curry entra polo
nariz,
As mouras producen unha laca que co calor vira cristalina,
A cebola seca son láminas de bágoas fósiles do meu clítoris

Soa un timbre.

As espiñas de peixe ispen a traxedia dos seres que se devoran
mutuamente
devóranse

Soa un timbre.

Nunca che reprocharei nada, non temas, permitirei que fiques
para sempre nas miñas entrañas,
estas cousas acontecen,
os sentimentos son raíces, se a árbore morrer, elas persisten en
ocupar a terra,
é un asunto inevitábel, e con todo compréndoo, comprende que
non puidese coidarte, que te enviase a un asilo cando máis
me necesitabas,
Abandonar é un verbo inconxugábel,
Se ti soubeses que o meu mellor amigo é un doente mental,
Esta casa é unha casa chea de gabetas

Soa un timbre, a muller ignórao.

Soa o timbre insistentemente.

A muller ignórao.

Esta casa é unha casa chea de gabetas,
Muller, vaite, non quero que entres,
non quero ver ninguén,
non quero que ninguén me atope,

Cada gabela é un apartado da memoria que nalgún momento
se ocupou
e ha de ser desocupado en calquera outro momento,
lugares de estancia inerte onde
o único que conta é
o almacenamento

Escóitanse pasos que descen unhas escadas correndo.

Cando a gabela se abre, os papeis e demais obxectos respiran,
sobre eles recae a esperanza de ser renomeados,
un lapis non é xa un lapis, mais unha arma de escrita,
unha goma de borrar podería acabar coa desvergoña do mundo,
Ti nunca acreditaches nas palabras,
xulgabas que só o meu corpo merecía a pena sempre e cando
non for
partillado,
un sacabocados será a perforadora de conceptos e de beizos
selados,
Ao regresares,
completamente fodido,
non che dicía case nada para que ficasés tranquilo e non
pensases que lía Nietzsche ás agachadas para achar o xeito de
me librar de ti,
os libros non son libros,
son tixolos dunha casa sen molde

*A muller abre un bote de pintura que contén xabón.
Co xabón fabrica bólas.
As bólas enchen o ar.*

Boteite ao lixo a pesar de seres o meu amor de toda a miña puta
vida,

O meu corpo exhala as palabras almacenadas nas gabetas,
as palabras rebélanse e falan de sangue vertido,
E agora dormes mentres esperas o final,
mentres destrúo os sudarios da linguaxe palabra a palabra,
Nin sequera a túa muller ten noticia do teu final,
ela pensa que continúa comigo,
O mundo pensa que continúa perdido comigo,
a túa nave extraviada en océanos de leite,
entre tanto eu desdigo de noite o que de día digo que farei

A muller xoga coas bólas de xabón e explótaas.

Non hai límites para a linguaxe,
as ideas desenvólvense preguizosas no interior dun chapeu e
adquiren a estrutura dun forte corazón,
cando me movo,
cando falo
as ideas foxen,
eu despídoas
e insúltoas,
O pensamento disgrégase

A muller fala ao chapeu do indixente.

No estanque da vida,
as augas que chegan desde un río
páranse e a continuación pérdense nos remuíños,
desaparecen a través das cavernas en forma de múltiplos regatos
subterráneos,
O pozo onde se interrompe a corrente deixa sen proxectos de
vida a aqueles que percorren as súas augas,
Os navegantes vense envoltos nos remuíños de incerteza
e con frecuencia son engulidos

como queira que o interior os chama,
Os que conseguen escapar ao insondábel
aparecen noutro río descoñecido e afastado,
que non é a súa vida, que non é a túa vida, mais que polo menos
os leva a algures,
que polo menos te leva a algures,
Fuches ti quen me dixo, a túa vida é un equívoco, non podes
facerte cargo dese home doente,
el non é o teu marido,
é o teu amante,
A túa vida é un equívoco, a túa vida está noutra parte fóra
destas gabetas,
Mais non teño fechadura para saír coa chave,
Mata ese home, non é mais que un home, coma min,
Esperta,
a túa historia será a historia dun cu fresco perfumado con
xasmín,
Haste de converter nun libriño de papeis de fumar, afiados,
suaves, todos iguais,
Mais eu non son como ti dis que son, sólida, cerámica, lasciva,
Gosto das polpas de laranxa cando explotan na túa cona, disme,
E eu fáloche entón ao ouvido, cóntoche,
un conto total que só pode ser contado dun sopro, todo ao
mesmo tempo, como unha bafarada de ar que se expulsa, sen
expreso contido,
Ti aspiralo e exhalas o conto
e o conto aspírase e exhálase,
nel están resumidas todas as técnicas da narración, o suspense,
a traxedia do heroe e o desenlace inesperado,
É o conto máis complicado de contar que contei nunca,
require dunha técnica especial e moito treinamento,
Cando acabar este conto, non han de restar máis asuntos para
seren contados

A muller deixa que a súa voz encha iracunda o espazo.

Meses sen facer nada,
nada,
Só ollares á nada cotiá que ocorre fóra,
plantas mortas,
pingas de óleo no asfalto,
sons de contaminación,
Cánsame non facer nada,
entendes?
de recordar a primeira vez que fixen o amor
aos oito anos
e un par de meses
Paseo dun lado a outro da casa, búscote para que me digas
algunha cousa, mais ti calas, pobre estúpido, por que te
necesito?
Percorro quilómetros, camiño rápido e penso rápido, esgótome,
Queimo libros de Historia

Petan na porta.

Quen é?
A quen buscas?
Se o buscares a el
direiche que el
está a podrecer no asilo máis barato que puideren encontrar,
Alexandro Magno era un soñador e un tipo tan débil que
calquera comentario dos demais podía ferilo, especialmente
os da súa nai, Atrás de todo poderoso hai unha frustrada
historia de amor, a fraqueza de Napoleón dependía dunha
atormentada paixón blasfema pola súa irmá pequena,
Stalin sentía preferencia polas prostitutas deformes,
A Hitler amargáballe profundamente o seu lado feminino,

Na maioría dos casos, os gobernantes son seres aflixidos sen sexo que utilizan con covardía a forza que roubaron a outros co transcurso da vida, Non hai humanidade nos libros de Historia, neles non están os motivos de tanto sufrimento, que sempre son sinxelos, fan parte do medo dos homes a morrer de soidade e de angustia, a eles non lles interesa que nós suframos, nin que o mundo deixe de existir se o mundo desaparece con eles, heroes, homes gloriosos

A muller berra.

A muller sae correndo.

Volve entrar cun enorme ramo de flores igual ao primeiro.

Non gosto das flores, direiche,
tíraas, digo,
os ramos de flores esconden as peores mentiras do mundo atrás do seu aroma e as súas cores esconden un interese asasino por encadear a beleza

A muller parte o ramo de flores coas mans.

A muller dá pisadas ás flores.

A muller, amodo, ponse o vestido manchado de pintura, cola nel pétalos de flores.

Soan tambores ao lonxe e música de festa.

Es un pailaroco subnormal, mais adórote idiota porque non sabes o que dis nin o que sentes

A muller chora.

O meu home era un home importante, un home público,
un político relevante, un grande empresario fillo da puta

que só me necesitaba para verter sobre min todas as súas
frustracións,
compréndelo agora?
Dille ao teu membro o que ten de facer con tenrura

*A muller toma pétalos do chan e lévaos á boca.
A muller diríxese ao público e cospe saliva de cor rosa.*

É tan estúpido que só fai as cousas que viu nalgún filme, repite
as accións do cinema, por iso ve todas as fitas que se estrean,
procura un personaxe do ecrán para o imitar, e despois
búscame, para me facer todas esas cousas que aprendeu,
As palabras de verdade non levan posta ortografía ningunha

Salouco paroxístico, rectilíneo, concentrado, etéreo.

Desdóbro-me fronte á luz e deixo que a luz me traspase como a
un papel de fumar,
para a sentir,
Si,
a pel é unha envoltura fráxil,
calquera fino son a quebra,
a pel non resiste as mudanzas de luz dos raios dirixidos desde
os focos da vida,
Que abran as xanelas deste lugar!
Que as abran para que entren todas as historias dos habitantes,
unha por unha, unha máis unha, todas xuntas e por
separado, cada historia nun asento,
E vostede sentará coa vida doutra persoa,
e vostede partillará cu co substrato fabular autobiográfico dun
ancián a piques de morrer en plena consciencia,
E vostede sairá correndo para non partillar experiencias con
descoñecidos

A muller avanza cara ao indixente, abálao.

Oxalá non puideses ouvirme, mais óuvesme, agora mesmo estas
a me escoitar,
debería insultarte e ti deberías replicar,
Direiche o que lle dicía a el,
Es un porco,
hai días que comezaches a cheirar,
levareite a un asilo para pobres, e por fin saberás o fillo da puta
que es,
iso lle dixen,
iso fixen

A muller pinta as portas do chan dun xeito compulsivo e violento.

Aquel ano, despois de abandonar,
rezaba día e noite para que voltase a min,
Por que demoras tanto en chegar,
Onde se lastrou o teu barco?
Se non acreditase firmemente no destino e non soubese como
desenredar a meada da espera, viraría tola, dicíame,
Agora sei que fixen ben en te trocar por el,
Ti non te das conta,
Mandei o meu amante a un asilo coa túa identidade, e ti es
agora o meu amante,
Aceptaron o indixente a primeira vista,
el non tiña moi bo aspecto,
E a ti, el,
non virán a buscarte,
e se alguén viñer,
a súa muller por exemplo,
ti calarás,

meteraste na cama,
eu direi que continúas doente,
talvez algún día teña de te matar,
para acabar con todo isto

Petan na porta. Voces.

Paseo impaciente,
camiño
sen
control,
derramo o ollar,
ato os zapatos manchados de petróleo,
aínda se escoitan disparos de crianzas que se matan entre elas,
aínda non foi inventada a prosa dos desexos,
Esgazo os pétalos para que se abra a terra,
E ti, que vou facer contigo?
Ti que confundes as palabras cos signos e que só achas
 significado aos xestos simples,
confúndesme a min tamén,
É preciso ter ortopedia para poder ver claramente a paisaxe,
Xa,
unha e outra vez partes os lentes de aumento para comer o
 baleiro dos nomes,
Nunca quixeches saber como me chamaba eu,
E ti como te chamas?
Á miña idade, pouco importa quen son,
Cal das portas queres levar para vendela?
Escolle ben,
unhas son moi diferentes das outras,
Se alguén te ve saír pola porta que levas debaixo do brazo,
non digas nada,
non respondas

Petan na porta. Voces.

Ás veces esquézome do meu asasinato,
ese que hei de cometer,
ese que é preciso que cometa, para todo cadrar,
cando xa non poidamos ocultar o noso,
Valo facer por min?
Vaste deixar matar para que el continúe a sufrir nese asilo de
indixentes?
a túa cabeza ficará irrecoñecíbel,
A versión será que mercaches unha pistola nunha viaxe,
temos a pistola,
e foi certo o das viaxes,
Non sei se poderei soportar que non deixes de verter sangue
despois de horas,
despois de horas da túa exhalación última,
despois dese disparo
que sairá do cano
da pistola que

*Soa un timbre de maneira repetida.
Sons de pasos a desceren as escadas.*

Mais tamén puideramos procurar outro indixente,
Lembras aquel home que ficou a vivir nunha paraxe de
autobús?
era un tipo de aspecto acabado, pálido e encolleito, esa paraxe da
rúa 23, a que ten vidros por detrás e a ambos os dous lados,
como todas, mais sen teito, tres asentos vermellos e vellos,
unidos entre si, Estou certa, continúa igual, desamparada, sen
información ningunha sobre as liñas dos autobuses,
Como era ese tipo? Non era vello, tampouco novo, durmía
sempre, arroupado por cartóns e deitado ao longo dos tres

asentos, Nunca dicía nada, ninguén se atrevía a lle dicir
nada, a xente espera que o autobús os leve aos seus traballos,
teñen présa mais gostarían de poder sentar o cu,
e el, si, el era fantástico,
Xubilados, pais e nais de familia,
Só algunha vez os meniños se atrevían a tocalo,
e axiña unha man agarrábaos,
Non incomodes,
ese home, por que está aí?
Ninguén o sabe,
É curioso o fenómeno da distancia
entre os seres humanos,
canta máis distancia menos noxo,
Ás veces espertaba para tirar do interior do seu chaquetón unha
garrafa de auga, enxaugaba a boca, lavaba a cara cunha man,
tiña un pequeno espello para se peitear, volvía durmir,
Por máis viaxeiros que houbese, nada,
el como se nada,
Pasaxeiros aflixidos que tentaban non ollar aquel vagabundo e
que por esta causa se sentían incómodos, por non ollar, por
non saber para onde ollar,
Era como se o centro de gravidade do mundo estivese naquel
desamparado e fose inevitábel que o centro de gravidade do
mundo estivese alí,
Si, agora teño vontade de rir, carallo, teño vontade de rir e non
podo parar,
Vou fechar a xanela a ver se esquezo dunha puta vez aquilo,
Un día, un día encontrei os asentos baleiros,
o vagabundo non estaba,
Os asentos non pegan doenza ningunha, é posíbel ademais que
fosen limpados durante a noite,
Chegou un autobús e desceron unhas cantas persoas, mais
ningunha delas sentou,

E ao día seguinte e ao outro,
os asentos continuaron baleiros,
Non é extraordinario?
Quizá a paraxe xa non exista, é lóxico, é lóxico, que aniquilen o
noxo

*Salouco externo, dislocado, fragmentario, pasaxeiro.
Breves sons de chuvía.*

Aquel vagabundo es ti,
Ninguén ha de reclamar o teu corpo se morreres

A muller levanta algunhas das portas que teñen marco. Ábreas.

Ai fóra,
Olla
a xente na cidade percorre as rúas,
Xa non vexo ben,
a miña capacidade por imaxinar está a perder vista,
mais sei que o que sucede aí fóra é free jazz ao máis auténtico
estilo negro dos negros que non queren ser branqueados, As
persoas normais son mendigos, Os mendigos comezaron a
danzar, A música converteuse en catarse, as persoas brincan
coas persoas, Saíamos fóra, dancemos nós tamén, Non sei se
poderei, estou exhausta,
mais deberíamos tentalo

A muller abraza o indixente.

Dentro dos chapeus,
a orden universal dissolve a resistencia con disparos,
Ti morres no interior do teu chapeu,
Ti morres unha e outra vez morres,

Noto que me falta o alento,
e, con todo,
non nos déramos conta até agora do que podemos facer sen
medo a ser atropelados

*O indixente aparta a muller. Sae.
Salouco profundo, lento, potente, silencioso.*

Magóanme os recordos,
os recordos veñen a miña memoria sen a miña licenza,
Afinal comprendo por que desexei a vinganza,
agora comprendo por que os ósos doen sen sufrir maltrato
Isto é o que me separa de vós, espectadores,
a miña incapacidade para o ouvido,
Xa,
lémbrome

*A muller berra.
A muller sae correndo.
Regresa cun enorme ramo de flores igual ao primeiro.
Devora, mastiga e cuspe as flores ao público. Saliva de todas as
cores.*

No límite
as rachaduras de abismo
son diminutas,
Os seres debrúzanse á sombra da dúbida
para beixaren horizontes,
Non hai ruptura após a ruptura,
atrás da fragilidade está o ceo
Deixarei pasar o tempo
sen facer barullo
sen quebrar nin unha soa

das burbullas,
E ficarei ancorada
á espera
diante dunha porta
Mentres aos pés
os camiños andan
sen se deteren,
Dos muros só ficarán os seus restos
e o sufrimento será esquecido
nas gabetas,
Os berros non sobrevivirán ao silencio
que terá de vir,
Porén a esperanza que xace nas carnes abertas
volverá brotar
cos pétalos na terra e as follas do chan que non existe,
A forza que derruba as palabras
non é suave,
a violencia que arrasa a miña memoria
non é delicada,
a realidade que torce e apaga os xestos dos indixentes,
non é pasaxeira,
A tenrura non sobrevivirá
A tenrura débil, indefensa, pequena, pagará coa súa vida os
excesos, as ambicións, a bravura, os apetitos dos homes,
E mentres tanto as palabras silvestres evaporaranse entre as
feces dos xeradores de claros nas selvas,
Os vellos mariñeiros morren sen contar
a súa historia
a súa voz
a súa fondura
pérdese no interior de chapeus negros,
O mundo toleou desde entón
non se sabe cando,

Escoitei dicir que avanza a velocidade a paso de viaduto
perforando túneles no subconsciente social,
Hai fragancias que non teñen lugar para seren lembradas,
Desde a primeira liña até a última marxe só resta o branco
silencio nos libros para ser arrancado,
palabras que non se atopan na realidade,
Hai baleiros que non me deixan pensar,
e resístense
a ser pensados,
Un alento, uns bicos e os sucos desaparecen,
A lentitude acariña as retinas,
a pel húmida pousase,
o son das plantas enraíza
no cerebro,
Fotograma a fotograma,
E a luz respira,
a luz respira
en canto as pedras moen os feitos, os asasinatos non cometidos,
as sementes envorcadas no fondo do río,
Non é posíbel a ironía
entre tanta pintura

ESGOTAR OS OLLOS

Esta peza estreouse no Teatro Ensalle de Vigo
o 22 de xuño de 2012 coa seguinte repartición:

Actuantes:

Eva Afonso, Manuel Dosouto,
Areta Bolado e Cristal Lázare

Iluminación:

Antón Ferreiro

Dramaturxia e Dirección:

Julio Fernández Peláez

CONSIDERACIÓNS PARA A LECTURA

Cada frase que non termina, desvela a suspensión indefinida do pensamento do actuante

Cada frase que non termina orixina un silencio

- a) que é ocupado de inmediato polo impulso de quen escoitaríamos
- b) que é froito dunha interferencia de palabras
- c) que se ofrece como cadea
- d) que obriga a ser descifrado
- e) que non é visíbel

INTERVEÑEN:

Eu (*didascálico e múltiplo*)

Tipo Sombrío

Ela

Médico

Muller Galáctica

Agora son eu, non tal como son mais como era, cando botaba en todas as direccións sen sentido cancións.

Déitome no meu leito vertical de morte, non fai falta que haxa público, chega con abrir a xanela do cuarto número 202 e deixar que entre un pensamento pasaxeiro.

Colócome os tubos da respiración artificial, as sondas para os ouriños e as feces, a xiringa do soro leitoso.

A luz do cuarto é unha luz superficial, esvaradía, agreste, amarelada.

Aínda que respiro con dificultade, podo cantaruxar.

Non son un poeta rítmico, mais hei de advertir que as letras das miñas cancións son redundantes, percusivas e rapsódicas.

EU: mbu mbumbumbumbu mbumbumbú /
mbumbu-PËPË / mbum mbum PËPËépín /
bummété bbummété bummété bummét /
ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú

Entra unha persoa no cuarto. É un tipo sombrío, unha sombra de alguén que xa non lembro. Ten un xornal baixo o brazo.

O tipo sombrío ocupa o seu sitio na escena do doente (eu), é dicir: ao meu lado, mantendo o ricto de acompañante sereno que xamais perde a calma diante dun ser querido que sofre.

EU: Non era necesario que viñeses. Non te chamei. Non fai falta que esteas.

TIPO SOMBRÍO: Por que non queres lembrarte? Somos amigos, moi amigos, amigos de sempre.

EU: Es enterrador.

TIPO SOMBRÍO: Son enterrador, claro, dilo ti, se ti o dis... De onde tiraches semellante...?

EU: Tes unha profesión digna de respecto. Un oficio divino. Mais ten coidado, o cemiterio pertence ás monxiñas, elas son as que administran o bolo e as que trafican cos órganos de segunda man.

Ollo para el, digo en voz baixa con sarcasmo: Eses órganos non serven para moito excepto para enganaren os pobres idiotas que pensan que poden chegar a ser como os ricos. Quen pode pagar neste momento un corazón natural? Un bo corazón natural de segunda man é caro, os corazóns das monxiñas non son frescos nin recentes, québranse ao pouco tempo de seren transplantados, por iso son tan baratos, embora non tan baratos como a xente pensa, os corazóns en mellor estado poden valer o mesmo que unha vivenda. As monxiñas teñen un negocio moi próspero. Ha de chegar o día en que traficar con cabezas de segunda man sexa tamén natural, entón pensaremos as cousas dúas veces antes de as facermos.

TIPO SOMBRÍO: Fai vento na rúa, aproxímase un vendaval, din na radio que se podería converter en tornado ou en tormenta tropical. É unha pena, o vento ha de deixar sen follas os

EU: Que, como vai, todo igual, non é?, nada muda, non é?, nada muda, non si?, é un pracer, terte aquí, de novo, amigo, pois, pois, pois, un día máis, un día menos, no meu destino, a vida foxe das miñas mans e ti, e eu, ptébbú, ptébbú, ptébbú , ptébbú

Non sei por que motivo formulei esta pregunta. Gostas de brincar, mais brincar xa non fai sentido. Es un estúpido. Un cre-TI-no que cre que aínda é posíbel a vida ao aveso, no forro da pel, sen necesidade de ser consciente de estar vivo. Non merezo a miña morte, mais quen a merece? TI, que sempre consegues o que te propós, até pasando por encima das cinzas dos demais. TI, que triunfas inmerecidamente, que fas burlas dos inmigrantes e dos desfavorecidos. TI que co dedo da inxustiza sinalas aos que che han de render contas. TI mereces morrer, mais non EU, pobre EU, nunca fixen mal a ninguén, fun unha persoa humilde, nunca quixen chegar a nada e nunca fun nada. EU non merezo morrer, por humilde e sustentábel. As persoas solidarias non deberíamos abandonar este mundo tan facilmente. En troca, as persoas voraces, as que consumen coas fauces ben abertas os idealismos para os cagaren, esas deberían desaparecer.

Mellor aguantar e calar, dicía a miña nai, a miña querida nai. De calquera xeito, onde reclamar? Onde pór unha reclamación?

TIPO SOMBRÍO: Que estás a pensar?

EU: Non o sei, perdín a miña nai nun combate de boxeo.

TIPO SOMBRÍO: Xa estamos.

A partir de agora os espazos entre letras operarán como silandeiros silencios:

EU: A a a a a a a

TIPO SOMBRÍO: Que fas?

EU: Experimento claves de S I L E N C I O.

TIPO SOMBRÍO: Como queres o

EU: O comezo da fragmentación puido deberse a causas naturais. As cousas pártense de súpeto.

TIPO SOMBRÍO: Somos fráxiles fragmentos, dicías onte mentres

EU: Que féretro?

TIPO SOMBRÍO: Que féretro?

EU: Si, que féretro?

TIPO SOMBRÍO: Pensei que

EU: Se non estiveses certo da miña morte, non estarías aquí, rolando.

TIPO SOMBRÍO: Somos amigos desde hai tantos anos, desde que eramos así, así, así... estás a ollar?

EU: Dáme a man.

TIPO SOMBRÍO: Como que dáme a man? Que queres?

EU: Comprobar a temperatura. Quero saber canto sentes neste preciso momento. Quero estar certo de que aínda sentes.

Silencio.

TIPO SOMBRÍO: Que parvada.

EU: Non fai falta que digas nada importante.

TIPO SOMBRÍO: Estou a falar en serio.

EU: Tanto me ten, de piñeiro.

TIPO SOMBRÍO: Non escatimes. Pódelo permitir. Toda a vida a aforrar. Recordo que ás veces non querías que ceásenos en sitios medio caros porque no viño nos metían a man ao bolso. No viño danche gato por lebre ao baixares a garda, acostumabas dicir.

EU: Digo que de piñeiro, é o que mellor conserva os ósos. Pola resina. A resina é capaz de preservar fósiles animais do Cuaternario. Hai bolboretas de incríbeis cores e de máis de 30 millóns de anos dispostas a saíren voando en canto limpen de resina as súas ás.

TIPO SOMBRÍO: Non falas en serio.

EU: Estamos a falar en serio. A Antártida fúndese por falta de refrixeración. Os ventos xélidos séntense atrapados en remuíños de paixón humana e fósil. O planeta perdeu a súa capaci-

dade de sorprenden os seus habitantes. Non hai lugares inaccesíbeis. As bolboretas xa non teñen onde se pousar sen seren molestadas polo ganapán dun meniño. Mais isto que ten a ver coa miña morte? Has de preguntarte.

TIPO SOMBRÍO: Si.

EU: Como se eu puidese ser parte do mundo, parte da doenza que sofre este planeta. Dáme a man, insisto.

El apértame a man e sente un gran noxo por me apertar a man porque estou moi moi moi doente, son un apestado moribundo que se vai descompor en pedazos en metade de calquera noite.

EU: Está máis que noxenta. Mais non temas, os tumores non son contaxiosos. Só se pegan os tumores da fala e dos recordos, porén a miña fala está aínda san, e a miña saudade

TIPO SOMBRÍO: Que dis?

EU: Cando era crianza, viviamos nunha aldea pequena. A nosa familia, como todo o mundo, tiña reses para o sacrificio. E eu era o encargado de lles tirar a caca de encima do corpo. Ti, no entanto, irmán

TIPO SOMBRÍO: Non somos irmáns

EU: Si, xa o sei. As reses eran de pura raza. Todos os días desaparece unha especie, e non facemos nada por evitalo, con todo, que desapareza unha raza

TIPO SOMBRÍO: As razas son inmellorábeis, en troca as especies

EU: Cando me vas convidar a cear a un deses restaurantes de elite, onde os cociñeiros son artistas plásticos e as camareiras bailarinas de contemporáneo?

TIPO SOMBRÍO: Estaría encantado de podermos revivir vellos tempos, si, créeme.

EU: E para que? Para conversarmos así, de nada, durante outro instante?

Permanecemos en silencio. Un, dous, tres, catro.

TIPO SOMBRÍO: Poderíamos falar dos espazos de representación.

Como a última vez.

EU: Demoraches catro segundos en responder.

TIPO SOMBRÍO: Catro segundos.

EU: A última vez que ceamos xuntos vomitei enriba de ti

TIPO SOMBRÍO: Si?

EU: máis dun centenar de palabras que non coñecía.

Conseguín o seu sorriso. Non teño nada en contra de ti, gostaríame de llo dicir. Envexo a túa saúde, iso é o único que me sucede. Mañá, ou pasadomañá, ti has de estar vivo en canto eu me fodo no túmulo, mais isto non é motivo para que o rancor me cegue.

EU: Poderíamos falar sobre os espazos de representación complexos, e da teoría de Börn Atarun. Non entendín ben como poden acontecer cousas nun mesmo sitio en dous ou tres tempos..... Gostas disto, gostas dos problemas de tipo complexo e heurístico. Falemos do que gostas.

Fóra e de súpeto, comezan a soar os millóns de paxaros que unha árbore próxima alberga desde hai meses, desde antes de que comezase a gran migración.

Fóra e de súpeto, todo fica en silencio.

TIPO SOMBRÍO: Ten un nome, é un fenómeno.

EU: Non lembro.

TIPO SOMBRÍO: O teorema da imborrabilidade.

EU: Si. É certo. É preciso borrar TODO o escrito para escribir de novo.

Espero pacientemente a que el interrompa o silencio exterior con palabras que non veñen ao caso.

TIPO SOMBRÍO: Namoreime, non vas crer, namoreime.

EU: Xa o dixeches algunha vez aquí mesmo outro día

TIPO SOMBRÍO: Vou ir vivir con ela dentro de pouco cando isto acabar todo

EU: Así sen... así sen máis?

TIPO SOMBRÍO: Estavezvaienserio. ela é

EU: Non te entusiasmes, nonteentusiasmes.

TIPO SOMBRÍO: Voulle preguntar se quere

EU: Non a coñeces ben.

TIPO SOMBRÍO: Ter un fillo. Que dixeches?

EU: Non a coñeces ben, eu si a coñezo e é moi exixente.

TIPO SOMBRÍO: Non sabes de quen falo.

EU: Si o sei, falas dela.

TIPO SOMBRÍO: P o r q u e n m e t o m a s ?

O tipo sombrío sae, di que vai ao cuarto de baño, acho que sae para disimular que non ouviu o que insinuei. Amólalle que sexa consciente do que trama, mais el mesmo delatouse, el mesmo confesou que desexa ter un fillo. Con quen vai ser se non é con ela? Ela quería ter un fillo comigo. É posíbel que me engane, tanto dá, na miña situación están xustificados os ciúmes e os erros, na miña situación está xustificado todo, até un acto terrorista contra quen queira que for que permitiu a vida na Terra, por non me dar aviso da miña morte con suficiente antelación.

Mais cando chegará ela? Estou farto de esperar a última noticia, o relato médico dos últimos instantes. Non podoo deixar de pensar nela. Aínda me ama, ou non, non o sei, non podoo sabelo, tanto fai, mesmo así, non é xusto, non morrín, aínda non morrín e el xa a roldar a esposa do morto. Deberíamos decidir algo a respecto dos asuntos relativos ao meu enterro, que

se o cadaleito é demasiado barato porque é de piñeiro, que se a resina non é tan boa para a cute seca como din, mais non obstante para a caveira é fantástica, que se as sombras sen obxectos intermedios son menos sombras na escuridade eterna. A xente non acaba de se afacer a esta nova realidade, digo para min en voz alta. O que comezou sendo un feito illado pasou a ser un acto que ocorre aos poucos segundos de premer un interruptor. A xente morre nos hospitais porque chega doente, moi doente e sen remedio. Apago o candeeiro da miña cama, as sombras trasládanse ao exterior e inquietan a xente que hai na rúa á espera de entrar a ver este espectáculo da xente en cama morrendo en solitario. A xente común non pode vivir sen a luz artificial da ditosa morte.

Ouzo pasos, será ela? Os pasos propáganse rapidamente e logo vai ser difícil acender calquera candeeiro. Ela aliméntase da luz. Grazas a esa luz continuo a adoralala? Que estupidez. Os teus delirios son extravagantes.

Terá un fillo con el, iso é o que os dous máis desexan. Pregúntate se ela é ou non é má persoa. Má é unha palabra má. Amólame mallar tanto tempo a soas nela ela Ela ela Ela ela Ela ela Ela ela Ela ela Ela ela Ela ela Ela ela Ela ela Ela ela Ela ela Ela. Ela.

É esgotador, iso é todo, oxalá ela fose unha media laranxa menos saborosa e con máis pebidas. De novo, outra parvada.

No entanto, é importante continuares a mallar, mentres penses, continuarás a estar vivo, o baleiro chegará cando comeces a mallar automaticamente e non te decates.

Cae un zapato do ceo, póño na miña orella como se fose unha buguina. A solución pasa por apagalo todo, non só os candeiros, tamén as palabras.

sfacin sfacin sfacin sfacé
ndpá- ndcú ndpá-ndcú ndpá-ndcú

ndcú-ndpá ndcú-ndpá ndcú-ndpá
 rrrrr dapa pada nnn
 ndpá-aaaa aaa ndpá-aaaa aaa
 ndcú uuuuuuuú-uuu udu
 ptpum-neú

Entra ela. Deixo o zapato no chan. Ollo para ela. É unha muller delicada. Isto acho que non o pensei nunca antes en toda a miña vida. Nunca é tarde para darse conta do delicadas que son as persoas que nos rodean.

ELA: Non deberías estar levantado.

EU: Soou o despertador hai horas.

ELA: Viñeron xa os médicos? Que dixeron? Que vas mellor, non é? Que axiña che han de dar a alta e habemos de facer todas as viaxes que tiñamos previstas, iremos a Berlín a ver punkis nos barrios okupas, como ti querías, vas ver, logo has de saír desta

Por que me mente?

EU: Non podoo durmir máis, xúroo.

ELA: Mesmo así deberías estar sempre deitado. Os tumores gostan da verticalidade. E van de abaixo para arriba, lino nunha revista científica, se chegar á cabeza, non haberá remedio. Por que sempre me interrompes?

EU: Non dixen nada. Só pensei que estou realmente fodido.

ELA: Si, iso é, pensáchelo.

Ela deuse conta do tic no meu ollo esquerdo. Ese ollo ponse así cando tento ocultar algo.

EU: Mais ocultar non é interromper.

ELA: Que queres dicir? Fala claro.

EU: Xa está na cabeza.
ELA: Tes razón. Que?
EU: Este zapato non me di nada.
ELA: Que dixeches
EU: Este zapato non me di nada.
ELA: antes.
EU: Ocultar non é interromper.
ELA: Despois.

Dixen que o tumor xa está na cabeza. Eu seiño porque o sinto dentro do cerebro, como un animal que devora as miñas neuronas unha a unha ou de cen en cen.

ELA: Por que lle respondes mal
EU: A quen?
ELA: Xa o sabes, a el, el apréciate, é o teu amigo desde hai moitísimo tempo, sempre estivo connosco, até nos peores momentos, nos momentos máis difíciles el estaba aí, e aí continúa, ao noso lado. Todo o que fai é polo noso ben, que é o que che amola?
EU: Quen che meteu na cabeza o de me enterrares no cemiterio das monxiñas. Nunca fun relixioso, non sei rezar o
ELA: Se o preferires, habemos de te incinerar
EU: Non. Quero ser enterrado, ter o meu sitio, para poderdes recordarme se vos apetecer. Quero ter o meu nome gravado nunha lápida nalgún lugar, mais non nese cemiterio, por favor non nese
ELA: É o único gratuíto, os cemiterios civís son moi caros e están saturados, aprovéitanse da xente que falece, hai crise, hai moitísima fila para comprar un nicho que
EU: Escoita, danme medo as monxiñas, non podo evitalo. Esas monxiñas desenterran os mortos para vender
ELA: os órganos. Non digas parvadas,

EU: Son cómplices dos médicos
 ELA: Como?
 EU: Os médicos inxéctannos aos mortos un conservante máis nada fenecer que dura o suficiente para que durante
 ELA: Non fales en futuro, por favor, sabes que iso me incomoda
 EU: uns días se manteña todo incorrupto, incorrupto, INCORRUPTO. As tripas, o fígado, o bazo, os riles, o corazón, todo incorrupto, compréndelo? Só cando o corpo se corrompe, descansa por fin. Corróm corrup tocorróm tocorrup pé, PÉ, PÉMMMMMMMMMMMMMMMM PPPPP
 ELA: DEIXA DE CANTAR! ODIQ QUE CANTES, ODIQ QUE CANTES cousas absurdas e coa letra P. Ponme nerviosa.
 EU: Si, o «p» é pútrido e pestilente, putpes, pé, pémmmmmm PPP
 ELA: Deixa de cantar! Que queres que tolee?

Ollo en dirección á xanela. Morrer aquí non é o mesmo que morrer nun hospital de cinco estrelas, a todo luxo e con todo tipo de tranquilizantes de conciencia, en canto tanta xente sofre por non conseguir en vida case nada do que desexan, un prato de comida seguro para eles e para os seus fillos, un lapis e un caderno onde escribir catro verdades. Sorte non teres descendencia. Menos bágoas que verter na última hora.

Escoito tambores de festa na rúa. Consólame pensar que tamén o mundo morre de estupor, a realidade afúndese en abismos. Non hai solución, ou si, haina, a solución existe e é fácil de destapar debaixo de tanto lixo, chegaría con nos pormos de acordo, chegaría con apagarmos por uns instantes todas e cada unha das luces deste planeta.

EU: Desde cando non fabrican lámpadas incandescentes?
 ELA: Como?
 EU: Desde que comezaron a explotar de aborrecemento.

ELA: Era unha adiviña?

Aborréceme a súa falta de sentido do humor. Se non fose porque isto é un hospital, daríalle unha tenra labazada e lanzaríame despois nos seus brazos para lle pedir

ELA / EU: Síntoo.

ELA: Dixemos o mesmo ao mesmo tempo, como cando estabamos

EU / ELA: namorados.

ELA: Non quería dicir iso.

EU: Eu díxeno.

Apaguemos todas as fontes de luz. Será inútil, tan só unha dínamo dunha extraviada bicicleta chegaría para un renacer da vida fotoeléctrica asasina que refuxiada na débil luz continua e sinxela da dínamo voltaría, si, voltaría para se reproducir de novo e por todos os lados en forma de lumínicos desexos inocentes de apropiación da vida.

ELA: Que dis?

EU: Pensei que falaba **sÓ.**

ELA: E falabas soamente

EU: Cada vez que ollo para ti, parécesme máis fermosa.

ELA: A que vén iso? Que cousas tan raras tes.

EU: É o que sinto.

ELA: Vas ver. Habemos de saír desta, non te aflixas. Lin na wikipedia que acharon unhas ratas resistentes aos tumores.

EU: Que me convertan en rata.

ELA: Que parvo es.

Cáeme a baba. Éntranme repentinos desexos de espila e abraza-la. O meu corpo sofre unha convulsión.

ELA: Que foi?

Unha das curiosidades que desde meniño me perseguíu foi saber se os moribundos eran capaces de aínda desexar ter sexo. O meu pai dicía que polo menos todos os homes, das mulleres non aseguraba nada, morrían con auténtico apetito sexual, pois non había macho que non as pichara coa picha ben alta. O meu pai era

ELA: Tes de me prometer que non volverás ferilo

EU: Xa lle dixen que ocupe o meu posto cando quixer, non fai falta que eu morra antes para el ocupar o meu posto cando quixer, non fai falta que eu... Que fas? Non acendas esa luz, por favor.

Afixenme á temperatura das lámpadas incandescentes, non soporto que unha lámpada fluorescente e de baixo consumo ilumine os últimos días dos meus tumores veloces.

ELA: Estamos case ás escuras. Non fales sen sentido, ou pensarei que

Ou has de pensar o que? Que perdín o xuízo. Ficas chea dos meus xogos de palabras que xorden dunha mente que se derruba oración a oración.

EU: Desculpa, non me fagas caso.

Ela le, non sei de onde tirou o libro, o caso é que le, agora le.

ELA: Sabías que as autoestradas aumentaron o número de hectáreas ocupadas polo asfalto nun 20 por cento? O 10 por cento da superficie arborada da Amazonía desaparecerádebaxo do maior pantano do mundo.

Ela sabe que me preocupa a inxustiza global. Quere adularme. Non leas tan rápido. Mais por que me continúan a preocupar todas esas terríbeis noticias? Por que ten de me preocupar agora neste momento a matanza de indíxenas a golpe de machada en mans de sicarios ao servizo de empresas que producen enerxía para dar luz a cuartos públicos como este? Debería alegrarme, é cuestión de solidariedade cívica e desgraza recíproca.

ELA: Segundo o Consello das Nacións Unidas axiña haberá máis quilómetros de liñas brancas continuas que crianzas con sida, e isto é unha excelente noticia

EU: Excepto no Sáhara, alí abundan os raposos.

ELA: Ese conto, canta morriña.

EU: A amizade entre os seres é delicada, como os desertos de lembranzas. Continúa a ler.

ELA: Non es ta ba a ler

EU: Inventabas.

ELA: Si.

EU: Grazas de todos os xeitos.

ELA: Olla o que pon aquí: Xa son millóns as persoas que desexan que os ilegais morran no deserto de lembranzas antes de poderen cruzar a fronteira. Que mágoa desexar que non sexan habitábeis as fronteiras.

EU: Desexar que os máis desgraciados morran ás portas da túa casa antes de poderen entrar a roubarche o lixo é

ELA: Si.

EU: Non soporto o teu cinismo. Como se non soubese a quen votas.

ELA: Non deberíamos discutir. Non che fai ben.

Entra un médico.

Recibo a noticia de que o meu terríbel tumor está xa no cerebro. Recibo a noticia de que o tumor avanza imparábel e que axiña non serei capaz de mexer un dedo

Non podo tirar da cabeza a imaxe de cando era meniño.



Recibo a noticia de que ela me quere, quéreme, quéreme, e sempre vai estar comigo a pesar da trágica noticia da miña próxima morte.

Ela dime, non te preocupes. Dino por dicir algo, dino por diciralgo, dino pordiciralgo, dinopordiciralgo, dinopordiciralgo. Dino, sempre o din, dino sempre.

EU: Tiña a esperanza de que fosen expulsados todos os tumores.

MÉDICO: A esperanza é a última a morrer.

EU: Quero morrer no cimo.

MÉDICO: (A ela) Que di?

ELA: Un disparate. Quere morrer no cimo.

EU: Quero morrer no cimo dunha montaña e ser soterrado nun val.

ELA: Nós habemos de decidir. Tranquilo. Nós habemos de decidir o mellor.

EU: Quero morrer no cimo dunha montaña e ser soterrado nun val, na miña TERRA.

ELA: Ti non tes terra, amor. Nin sequera a terra das macetas é nosa. Aínda non terminamos de pagar as letras

EU: Canto nos falta?

ELA: Dez anos, ou máis.

EU: Envexo os emigrantes que morren nas fronteiras, polo menos eles morren pensando que o tentaron, polo menos eles

desexaron ser como outros en terra allea e se non o conseguiron foi porque non lles deixaron morrer noutro lugar que nun lugar de ninguén, nalgues

MÉDICO: Os emigrantes que morren nas fronteiras non teñen tempo para decidir, caen fulminados

EU: polo exército e as serpes.

ELA: Procura descansar. Non penses niso. Sempre preocupado, sempre preocupado pola vida doutras persoas máis desgraciadas ca ti. Pódesme explicar

EU: Cando xa non puider decidir por min mesmo, ides facer o que vos pete, mais entre tanto prométeme que hei de morrer no alto dunha montaña.

ELA: É inxusto, moi inxusto verte así.

MÉDICO: Non atoparán mellor sitio que este lugar para xa sabe entende non é?

ELA: Falarémolo e decidirémolo antes de que el deixe de

MÉDICO: Iso non vai demorar en acontecer.

EU: Cando deixe de me expresar estarei morto.

ELA: Tan importante é para ti? Se tan importante for, buscaremos unha montaña e traerémola aquí

MÉDICO: Non lle fale como a un meniño, non é bo.

EU: Non fai mal, non fai mal, morro aquí e xa está, tanto ten

MÉDICO: Non teñen por que decidilo agora, mais teño de advertir que os gastos de traslado a calquera outro lugar fóra da cidade son moi elevados

Levántome e estrangulo o médico durante case 5 segundos.

5, 4, 3, 2, 1, (Ela grita)

EU: Non vas repartir máis tumores.

El sobrevive.

Tose.

MÉDICO: ANIMAL ANI MAL ANI MAL

ELA: (*Ao médico*) Pobre, mancouno? (*A min*) Que tes? Perdiches a cabeza ou que foi? (*Ao médico*) Rógolle que nos desculpe, o meu marido non sabe o que fai, está moi afectado, é normal, a noticia foi dura, vostede tampouco tivo moito tacto, nin sequera lle tremeu a voz mentres lle comunicaba a súa próxima defunción.

EU: Matar o mensaxeiro da morte non é un asasinato.

MÉDICO: BESTA.

O médico saca un bate de béisbol do interior da súa bata (que ten preparado para casos como o meu).

Báteme !Dóeme

MÉDICO: Agora canta. Non tes vontade de cantar? Canta como cantabas fai un momento. Todo o hospital pregunta: quen será ese puto xílgaro?

EU: Perdín a ansia.

ELA: Por que o fixo? Non era necesario. Sabe perfectamente que non era necesario. Bateulle con saña. Saiba que penso denuncialo.

ELA: Amor, dóeche? Buscarei xeos. Amor, dóeche? Buscarei xeos. Amor, dóeche?

EU: Sácame de aquí, rógocho, quero que nos vaíamos, habemos de chegar o máis alto que poidamos e alí, sen osíxeno, deixarei que o baleiro me baleire completamente, o meu corpo aberto á ausencia e ao desterro

ELA: Mais nas montañas non adoita haber terra coa que dar sepultura, sábelo? Sábelo?

EU: Necesito cantar.

ELA: Procuo falar de todo aquilo sobre o que sempre gostaches de falar e ti

EU: Estremécesme.

ELA: Es un desagradecido. Debería recoller as miñas cousas e ir embora.

O médico sae. Atópase con Tipo Sombrío. El arrastra un gran pedazo de carbón vexetal e deixa que renxa de xeito insopor-tábel. Non, non é certo que estea a morrer, isto é unha terríbel brincadeira na cal o meu cerebro xoga a súa última aposta contra si mesmo. Imaxino que estou ao bordo da morte, mais non é certo, non é certo, só imaxino, o meu tumor imaxina por min. Ao terminar de arrastrar o carbón, Tipo Sombrío pasa a súa cabeza chea de suor sobre o chan. Borra as manchas. Penso na miña vida dedicada á poesía, a última vez que borrei os meus propios poemas sonoros foi cunha gran brocha empapada en pigmento branco de titanio. Non, non é así, é só o que aínda gostaba de facer, empapar de branco todos os meus poemas, antes de que non poida ver nos meus ollos outra cor que a branca. Para alén do espazo médico vexo paredes de cidades que pasan páxinas sen parar, que pasan paredes unhas sobre as outras, todas elas a escribiren graffitis.

Poema: As paredes son as únicas páxinas que, para pasar e ser lidas, se pousan sobre as anteriores.

GRITO

EU: De submarinos amarelos enchéronse os océanos. Non eran peixes artificiais senón conciencias afundidas senón senón senón arrepentimentos que procuraban refuxio nas pro nas profund idades.

Unha muller desde o público levántase.

MULLER GALÁCTICA: Cala! É obvio que as palabras ditas non soan igual que as silenciadas. Cala.

A Muller Galáctica senta. Eu ollo para ela, incrépoa:

EU: Puta! Non es real, é que non te ves? Isto é un hospital, pré-gase silencio.

A muller non responde. A muller acende un cigarro.

ELA: Que está a pasar aquí?

EU: Non o sei, unha muller, seguramente morreu tamén, coma min, por iso

TIPO SOMBRÍO: Os Teus ollos non son xa os mesmos. Apágaste. Réstanche poucos días. Tremes. Os Teus ollos non serán os mesmos que no Teu billete de identidade cando sexas defunto. Expliqueicho. Expliqueicho vinTe veces que sufriras moito, e que non merecías isto. Tes a personalidade alterada. Tes momentos de gran confusión. Toma. Tómao con Tranquilidade.

EU: T é unha letra capiTal.

TIPO SOMBRÍO: Tes lume?

EU: Aquí non se pode fumar. Por que te burlas de min?

TIPO SOMBRÍO: Só che pedín lume. Sairei a fumar fóra, co público.

ELA: (*A Tipo Sombrío*) Está a delirar, hai que ter compaixón.

EU: escoita, os grandísimos cabróns van continuar a ter os iris virtuais, en canto os iris auténticos desaparecen no interior dunha chea de tripas de larvas. As larvas comerán os meus ollos como se fose un exquisito manxar. Falamos xa de como ides darme morte?

Silencio.

EU: Non esperaredes a que o faga eu só.

TIPO SOMBRÍO: Hai funcionarios para iso.

ELA: É verdade, hai funcionarios.

EU: Como o han de facer? Como me van tirar o último alento de vida?

TIPO SOMBRÍO: escoita, xa que traes a colación o tema dos ollos

El levanta o seu ollar, eu respóndolle cun aceno irónico, mais el non se detén e repite o que xa me dixo hai días: Estes ollos non son teus, hai xente sen vista, habémoslos de doar para que outros vexan. Ela achégase e dille algo así como que non sabe o que di (o que digo), que está (estou) dentro do tempo acrecentado, que non é (xa non son) o que era e non volverei selo. Até creo adiviñar o que ela pensa: NON MERECE A PENA CONTINUAR A ESPERAR UN MILAGRE. Na vida todo é aproveitábel, nada se tira, ouzo ao mesmo tempo o que pensa Tipo Sombrío en voz moi baixa, cheo de vergoña por pensar tamén que na vida se tira todo e que case non se aproveita nada.

Entra de novo o médico e sinálame co ollar.

Lémbrome daquela vez

Lémbrome daquela vez

Coitado, di o médico, perdeu a cabeza.

Non sexa cruel, sinto que responde Ela.

Lémbrome daquela vez que entramos no gabinete de xefatura de alfándegas, os polis non querían admitir que os meus ollos fosen meus. O tabaco mata, pon nos paquetes asasinados. E eu tan valente. Na sección de reclamacións no gabinete de alfándegas, eles teimaban en negar a autenticidade dos meus ollos. A lámpada fluorescente do teito emite un zunido adormecedor, está a piques de explotar. Treme a luz. Soño que o tumor me leva como un barco, lonxe, logo perderei a vista, é importante que me saquedes canto antes os ollos para que algo de min sirva para outros. Aquela vez, na alfándega, non

me deixaban viaxar en avión porque dicían que eses iris non eran meus, os meus ollos perderan o deseño orixinal, o iris do meu billete de identidade non coincidía co iris do documento nacional. Que triste.

ELA: Que foi, meu amor?

Silencio.

ELA: Que foi? Gostaría de sabelo.

Silencio.

ELA: (*A Tipo Sombrío*) Non di nada.

El achégase a min, examíname de preto.

TIPO SOMBRÍO: Tratábase dunha bágoa, só unha bágoa, estou certo.

ELA: (*A min*) Non te aflixas, habemos de saír desta.

MÉDICO: (*A ela*) Lamento, confirmase que o seu cerebro está como un vexetal. Lamento de verdade. Os síntomas han de comezar en breves minutos, é posíbel que horas, non máis dun par de días. En todo caso, lamento. O primeiro que vai deixar de funcionar correctamente será o aparello motor e a continuación os ollos. Se quixer, pode doalos antes de deixaren de ver, se quixer pode asinar aquí, será unha grande honra para vostede que os ollos do seu marido continúen a ver na mente doutro ser, sobre todo, se se tratar dun ser intelixente que

O médico convéncea ou acho que a convence. Adiviño como ela fai acenos de resignación. Déixase engaiolar polo médico. Non podo entender o que din ambos a partir deste momento.

Por uns instantes perdín o sentido do tempo. Agora ela achégame un papel para que o asine, non sei o que é, quizá se trate da miña herdanza, non leo o papel, para que lelo, non teño familia, é natural que ela queira ficar con todo, aínda que tampouco teño gran cousa, un caniche que ladra sen parar e que agarda en casa a que eu chegue, unha casa hipotecada con garaxe, faiado e xardín, un xardín onde se encontra estacionado un carro (tanto a casa como o carro son bens gananciais, o can é meu, unha propiedade de solteiro). Asino e rubrico a sinatura, sacaranme os ollos, non me vai doer, é o mellor, o mellor para todos é que deixe de ver, de ouvir e de sentir canto antes, que infortunio, que desgraza, serei Edipo, mais que asasinato cometín? Imaxino o médico completamente eufórico. Máis unha sinatura dun moribundo na conta bancaria. De présa van levarme ao quirófano para me extraer... Lémbrome daquela...

ELA: Tivemos unha vida chea

EU: lúa

ELA: chea de amor chea

EU: lúa

Non podo tirar da cabeza a foto de cando era un meniño



Tipo Sombrío sae arrastrándose polo chan, os seus zapatos renxen, crávanse os seus dedos nos azulexos, ela fica cativa ao meu lado.

EU: Casa con el, sei que el gosta de ti, e é boa persoa. Ti estás sen traballo, que vas facer? Coa pensión coa que vas ficar non vas poder pagar a hipoteca. Botarante á rúa e terás de prostituírte á túa idade.

Ela chora nun pano de papel, nun anaco de papel hixiénico gasto polos choros doutros anos, aqueles anos en que os dous matabamos o tempo a chorar en panos.

ELA: Lamento, esquecín comprar

Muller, se na paraxe de cada semáforo hai crianzas que venden paquetes a bo prezo.

ELA: Es moi xeneroso, dígoo polos teus ollos.

O médico continúa aí, á espera dunha sinatura, mais non asinei xa? Isto é outra cousa, trátase da aceptación urxente da miña completa cegueira, eu asino, si aquí, aquí, tamén aquí.

EU: Canta comisión cobran vostedes?

ELA: Amor, non

MÉDICO: Oféndeme.

EU: Digo o que me parece.

MÉDICO: Está vostede no seu dereito. Porén

EU: Hai moita xente cega, a radiación do sol deixa cegos os parvos dos tenistas que disputan partidos á tardiña. Sobre todo eses tenistas en decadencia que antes foron números un e agora xa non pasan de ser uns mediocres apaña-bólas da ATP.

Tenistas que a pesar de estaren gordos como porcos aínda teñen esperanzas de recuperar o bo xogo, e por iso precisan dun par de bos ollos para veren ben as bólas amarelas. Canto? Cem mil? E vostede, canto?

ELA: Non incomodes o doutor.

O doutor sae velozmente do cuarto como un dinosauro á procura dunha nova presa.

EU: Eu xa non sei se de verdade estou a pensar coa cabeza, o certo é que todo á miña volta esvaece, mais para que van querer uns ollos borrosos afinal mellor ha de ser pensar que son para meniños cegos pola malaria mellor ver borroso que non ver nada afinal cando teñan corenta xa han de estar mortos afinal eu tamén teño corenta e estou morto e aínda por riba os meus ollos que túzaro cos meus ollos afinal se non os queres dar non os deas

As crianzas que venden panos de papel nun país insensíbel son doutra raza, rectifico, son como todos nós, xa non hai diferenzas raciais, nin necedades científicas semellantes, o que hai son persoas con vista, con moita vista, e que comen o resto. Nas próximas eleccións vai gañar postos a ultradereita e van expulsar dos hospitais todos os poetas que coma min non poden pagarse unha estancia digna.

EU: Quero que me devolvan os ollos.

ELA: Se aínda non chos extraeron.

EU: É verdade.

ELA: Pensa no beneficioso. Pensa no beneficioso do teu xesto. Os teus ollos son moi bonitos. Verdes como o vento.

EU: Gostaría de ser construtor de vocábulos para o embigo, se o corpo falase

ELA: Se o corpo falase escoitaríamos

EU: coa alma e seríamos demiurgos.

ELA: Xa non hai diferenza entre a alma e o corpo, lino nunha páxina

EU: Líchelo. Agora son un atleta do corazón. Artaud morreu despois de se esnaquizar as cordas vocais das súas veas declamando sílabas nun programa de radio que foi censurado por blasfemia. Desde entón non só o mundo non mudou a mellor senón que o mellor dos mundos é este.

Silencio.

EU: Por favor, que non me enterren no cemiterio das monxiñas, vanme destripar, arrancar todo e non han de deixar nada para os vermiños, as monxiñas son especialistas en fabricaren desodorizantes co miolo dos ósos que cocen a lume lento ao vapor de mexillóns

ELA: Canta un pouco, anda.

EU: Agora queres que cante.

ELA: Por favor.

EU: ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú

ELA: Outro pouco.

EU: ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú

ELA: Outro pouco.

EU: ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú

ELA: Outro pouco.

EU: ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú ptébbú

ELA: Non te vaias, suplicócho.

Silencio.

E pensar que eu puiden chegar a ser un dos mellores poetas visuais do mundo para parar dun golpe todas as palabras após seren golpeadas a puntapés todas as palabras como os grandes poetas visuais garda-redes do século vinte e un coa bóla nas mans e toda a poesía nos pés como se

ELA: Dime.

EU: Sempre fuches unha ignorante, confundías Mussorgsky con
Maiakovski, por non falar de

ELA: A música é máis importante que os nomes e ti

*Entra Tipo Sombrío de novo cun café nas súas mans, ten ledicia,
ten un gran sorriso nas mans como se*

EU: Xa vos dixen que a mellor poesía visual é a que se fai nun
país chamado Swazinlandia?

*Móstrolles a bandeira que gardo no interior do penico que hai
no fondo da miña cama e que xa non uso porque desde que me
puxeron a sonda non o preciso.*



*É que non che deran toallas? Por certo, cando comemos aquí?
Has de ter fame, MEU AMOR, mais lembra que xa non vas
poder levar nada á boca por agora, para iso tes as gomas.*

TIPO SOMBRÍO: (A
ela) Non che pre-
guntei se querías
un

ELA: Que non enten-
des, meu amor?

EU: Un limón par-
tido, un rostro
contraído, outro
rostro que se asus-
ta do primeiro, un

TIPO SOMBRÍO: Insisto, queres un café?

verme a entrar no anaco do limón do segundo e vinte e oito días, non o entendo.

TIPO SOMBRÍO: (A *min*) Sabes que non podes.

EU: Non sei o que pinta un limón en todo isto. Eu quero un.

ELA: Non mereces... Es un amor.

EU: Pronuncia o que omites. Non me interesa. Estou afeito.

EU: comprastes xa o cadaleito?

ELA: Por que es tan cruel?

TIPO SOMBRÍO: Está obsesionado

EU: Insisto, quero unha caixa de piñeiro e un lugar na montaña, non quero cruces nin símbolos de ningún tipo, en todo caso unha estaca cravada na terra a 45 graos ollando ao sur.

Tipo Sombrío e ela óllanse entre si, son cómplices de algo que xa non poden disimular, aproveitarán para se beixaren diante de min cando me entuben definitivamente e eu non poida moverme porque o tumor me estará a paralizar as extremidades unha a unha desde a lingua até as uñas dos pés.

EU: Xa tedes decidido como ides facelo?

TIPO SOMBRÍO: A que te refires?

EU: Sabédelo perfectamente. Prometestes que o fariades, tedes xa a morfina? Quero ver a morfina

TIPO SOMBRÍO: No teu testamento vital non deixaches escrito que o fariamos nós.

ELA: Lembra que doaches os ollos.

EU: Despois de os doar, inmediatamente despois, quero que me inxectedes a morfina para acabar os meus días cunha sobredose, á fin e ao cabo é o único luxo que podo permitirme, ter unha sobredose de morfina. Quería que fose unha sobredose de poesía mais non foi posíbel no seu momento, morrerei como poeta descoñecido.

TIPO SOMBRÍO: Non te preocupes, non sufrirás.

EU: E como van evitar que sufra a miña conciencia? A dor non é física, é mental, espiritual e metafísica. Teredes de matar o meu cerebro para que non sexa consciente de todo o que sucede e está a piques de suceder no meu corpo e no mundo. Cando comprenda que todo é perdido, cando comprenda que non volverei andar, nin a falar, nin a escoitar, nin a cheirar

Silencio.

EU: vou sentir tanto terror que

TIPO SOMBRÍO: Non te preocupes, cando iso acontecer, durmiente, e non volverás acordar

EU: nunca nunca

ELA: (*A Tipo Sombrío*) Mais eu quereirei velo esperto

EU: Por favor, matádeme.

ELA: O médico di que o último que vas perder é o olfacto, porque o olfacto está no último recuncho do cerebro.

EU: Cheirareivos Cheirareivos. Cheirarei até o último do meu alen t o como un can. Estou impaciente por acabar. Quero que me saquen xa os ollos.

ELA: Mais quizá demoren.

EU: Canto?

ELA: Teñen de atopar o

TIPO SOMBRÍO: (*A ela*) É mellor non dicilo.

EU: E vós, canto cobrades vós por permitirdes que mos saquen?

Silencio.

EU: ndcú-uuuu uuuuuuuuuuuuuuuuu ndcú-uuuuuuuuuuuuuuuu
uuuuuuuuuuuuuuuuuuuuuu

Tipo Sombrío parece desconcertado. Non sei por que ten de facer ese ruído coa boca que é como un rinchar de dentes de serra nun campo de cardos azuis movidos pola absoluta calma. O seu rostro, o seu rostro está triste, e el non sabe por que, se callar lle dá pena que eu me vaia

TIPO SOMBRÍO: Deberíamos reflexionar sobre os nosos actos.

Tipo Sombrío sae.

EU: Agarda.

El detense. Óllame desconcertado, despois óllase a si mesmo, acaba de perder a dignidade?

ELA (*a ler*): Estaban a entrar no espazo prohibido Eran unha simple barca chea de ilegais famentos AQUÍ O PON para que non alcanzasen a liña divisoria si, con todo, a min que máis me dá? que non conseguisen entrar DISPAROS Foi unha sorte que DESEN con eles estaban camuflados estaban disfrazados de occidentais NINGUÉN quería facelo e el fíxoo por iso ARREPENTIOUSE tanto até morrer e o garda declarou que pensou que eran TRAFICANTES A pregunta é Confundiú as palabras ou as persoas?

EU: Non teimes, non tentes agradarme.

Tipo Sombrío permanece inmóbil.

EU (*a el*): Podes irte, dígolle, mais el non se vai, permanece como se nada no limiar, como se esquecese algunha cousa ou como se non se decidise a facer outra cousa que estar aí cravado a me ollar con tenrura indefinida e perenne.

EU (*a min*): Teño medo a tolear.

Quería que ela respondese TODOS TOLEAMOS XA.

Tipo Sombrío dá un paso para tras e desaparece.

EU: Quen era?

ELA: Quen?

EU: El

ELA: El?

EU: Acaba de saír.

ELA: Xa o sabes. É o teu amigo desde sempre. O teu mellor amigo.

EU: Non, non o sei, por iso pregunto.

ELA: Non podo crelo, leva días, meses por aquí e ti trátalo dese xeito, con esa indiferenza. ES CRUEL.

EU: Dese xeito, con esa indiferenza, como?

ELA: Descoñecéndoo.

EU: Queredes tirar proveito cos meus ollos. En troca do beneplácito, recibides unha comisión, non podedes negalo.

ELA: Amor, xa está ben!

Ela pon uns lentes de sol e vírame as costas para fitar pola xanela.

Eu ollo para o público, a continuación falo comigo mesmo, son ao mesmo tempo EU e o personaxe EU. Salto e danzo como se non estivese doente. Quero aproveitar o tempo que me resta cantando sen parar ptbúm PTBÚM scnff SCNFF

EU: Gostaría de poder mudar algunhas cousas.

EU: Que esperas?

EU: Non é por min. É por eles. Xa sei que á xente tanto lle dá.

Mais eu non o podo esquecer. Preciso mudar algunhas cousas.

A xanela do cuarto ábrese de súpeto, o vento mexe os cabelos dela.

EU: Tira da cabeza ese tipo de pensamentos redentores.

EU: Non podo, non podo, ese é o problema.

EU: Non tes máis opcións.

Diante de min pasan as sombras dun belísimo solpor.

EU: Tenteino, mais non podo.

EU: Que necesitas?

EU: Non deixei pegadas de min, case nin deixei pegadas, apenas un par de libros de poesía autopublicada, polo demais

Soa música triunfal.

EU: Comezaches a escribir tarde, estabas empregado por unha ONG que che chupaba o sangue, iso quitábache tempo para o que realmente

EU: Gostaba de axudar os demais, nunca me arrepentín de traballar para eles indo porta por porta para recrutar domiciliacións.

EU: En dúas ocasións pilláronte fabricando poemas no horario de traballo para os faceres estourar diante dunha sucursal bancaria, a punto estiveron de botarte por

EU: O sensato sería non deixar pegada ningunha, ordenar, queimar todos os nosos documentos

EU: A maioría están en formato informático.

EU: A poesía en formato electrónico é infopoésía. Habería que destruír os discos

EU: Non temas, as pegadas auténticas son invisíbeis.

EU: O mellor é que a túa obra está en estrito copy, prohibida a súa lectura e as lecturas das lecturas, dese xeito serás único sempre.

EU: Insisto, é importante que agora que vou deixar este mundo faga algo por el, por onde comezo?

EU: Deberías pensar no alén.

EU: Non podo, a idea dun espírito saír do meu corpo, aterrorízame.

A Muller Galáctica levántase do seu asento e di en voz moi baixa: A vida está chea de accións inútiles que a xente aplaude. A continuación levántase máis e case grita: Alguén ten de se levantar entre o público para dicir que A vida está chea de accións inútiles que A XENTE APLAUDE

Si, a xente aplaude mais non sabe o que aplaude, se a estreiteza de ánimo ou a amplitude dos desexos abstractos.

EU: Deixa pasar o tempo.

EU: Tes razón. Estou aquí. Iso é o único que merece a pena ser dito.

Ela quita os lentes de sol, toma o xornal entre as súas mans e con ímpeto interrompe a conversa de Eu con Eu.

ELA (*a ler*): DECENAS DE MILLARES DE REFUXIADOS
FRONTE ÁS COSTAS DA VIDA

EU: A vida é un campo de batalla/onde só os leóns/son capaces de aplacar o lume con lume xead/sen chegar a queimarse/mentres os covardes avivan o inferno/desde as súas cadeiras de brazos xiratorios/cos collóns por batutas/a botar labaradas polas bocas de rego/das súas inescrutábeis ordes/Na crenza prodixiosa de que a forza/destrúe a forza allea/e as bágoas de

dor retransmitidas/alivian o aborrecemento/O mundo ten dono/o don do mundo

sfacin sfacin sfacin sfacé ndpá- ndcú

ndpá-ndcú ndpá-ndcú ndcú-ndpá ndcú-ndpá

ndcú-ndpá ndpá-aaaa aaa ndpá-aaaa aaa ndcú-uuuu uuu

ndcú-uuuu uuu ptpum-neú ptpum-neú mbbubbuum

ELA: Eses versos son terribéis.

EU: É probábel, xa sabes, as lérias en bicicleta

Escóitase a palabra GOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOL fóra de escena. Gritos de alegría exaxerada e expandida.

Entra Tipo Sombrío cunha lingua de sogra na boca. Non disimula o seu entusiasmo. Abrázase a ela.

TIPO SOMBRÍO: Estamos a gañar, imos ser campións.

EU: Campións?

ELA: Campións do mundo? Non pododo crelo! En serio?

TIPO SOMBRÍO: En serio. É increíble mais certo. Faltan só un par de minutos da prórroga e... estou que non pododo máis... Nunca imaxinei que isto puidese suceder. Campións do Mundo! Dádesvos conta? Vou chorar.

EU: Todo o increíble pasa por ser certo mentres que o críbel está cargado de incerteza.

ELA: Por que non temos tele no cuarto? Poderíamos ver o partido. (*A min*) Que che parece?

TIPO SOMBRÍO: Non merece a pena solicitar unha tele, demorarían unhas horas en traela e o partido está a acabar. Ouvides? Faltan apenas uns segundos e temos a bóla. É o fin. Por fin. Somos campións! Dádesvos conta? Vou chorar.

ELA: Iso é estupendo, entón o título xa é noso?

TIPO SOMBRÍO: É noso, e xa non depende do que fagan os outros. O árbitro ten o chifre na boca.

ELA: Vai ser unha vitoria histórica. Como aquela

TIPO SOMBRÍO: Non houbo outra vitoria, esta é a primeira vez que gañamos. Dáste conta? Vou chorar.

ELA: Poderíamos pedir unha tele para vermos a repetición do gol

EU: Unha e outra vez, durante semanas, durante meses, durante anos, durante séculos, o gol da vitoria, o gol do campionato, o gol da selección, o gol dos homes selectos, o gol da masturbación infinita e extremadamente rítmica, o gol único e verdadeiro, o gol, o gol, o gol, o gol, o gol, o gol, o gol, o gol, o gol, o gol, o gol, o gol, o gol, o gol, GOOOOOOOOO====
=====LLLLLLLLLLLLLLLLPPPPPPPPPPPPPPPPPPPP
PPPPtttttt.

TIPO SOMBRÍO: Calquera diría que che amola que gañe a selección, a nosa selección, a nosa. Se o sei

ELA: Ten un mal día. Sempre se alegrou de ver os nosos gañaren. Non foi nunca dos que se reunían nos bares para ver un partido, mais na casa era un seareiro. Ti vai ver as repeticións e despois cóntasme

EU: A fina final anal.

TIPO SOMBRÍO: (*A min*) Sacas retintín a todo

Centos de foguetes, bucinas de automóbil, berros de tremenda ledicia exaxerada e desmedida.

ELA E TIPO SOMBRÍO: gañamos! GAÑAMOS! GAÑAMOS!

Eles abrazanse e béixanse. Dan saltos de euforia.

ELA E TIPO SOMBRÍO: Campións, campioons, campioooons, CAMPIOOOOONS...

Eu burlome deles gañamos gañamos todo o que antes me parecía importante agora paréceme unha auténtica trola patriótica para levantar os ánimos da xente de todo un país que xulga que

Muller Galáctica levántase, ollo para ela, non podo intuír o que vai dicir. Agardo con impaciencia as súas palabras.

MULLER GALÁCTICA: Este espectáculo non debería seguir. Terías que negarte. Non é ético que todos aquí esteamos a contemplar a túa morte. Ademais, que coincidencia! Non te estrañe que sexamos tan poucos. Nun día como este a xente está desexosa de ver outro espectáculo máis esperanzador que un pobre home coma ti

EU: Isto non é un espectáculo. Morro de verdade, non son un actor, nin un personaxe, senón un doente terminal.

MULLER GALÁCTICA: Seino, e por iso creo que todo isto non debería seguir adiante até o punto de

EU: É inevitábel.

MULLER GALÁCTICA: Mais o pano

EU: ha de caer antes de que non poida moverme. Antes de que a miña presenza incomode. Antes de que a traxedia principie.

MULLER GALÁCTICA: Iso espero. Non gustaría

EU: Tampouco eu gustaría

MULLER GALÁCTICA: É de agradecer. Aquí ninguén está preparado para ver as desgrazas alleas.

EU: Si, é certo, isto non é un documental.

MULLER GALÁCTICA: Non.

EU: Nada máis lonxe dun documento

MULLER GALÁCTICA: didáctico

EU: E, con todo, o público podería aprender

MULLER GALÁCTICA: Non aprenderán nada, a morte non se aprende

EU: Mais alguén ha de ser o seguinte e entón

MULLER GALÁCTICA: Para ti non hai seguinte, non terás oportunidade de contemplalo.

EU: Entón, por que

MULLER GALÁCTICA: Exhíbete. Aproveita para lanzar ao mundo un dos teus últimos poemas. Son poemas

EU: Son poemas tristes. Como triste é pensar que todos temos a obrigación de deixar visíbel un rastro de nós mesmos alén da vida. Se toda a xente puidese facer o mesmo, habería tantos rastros que sería imposible camiñar pola Terra. Se a cada morto lle correspondese un espazo para sinalar o paso da súa existencia, os espazos mortos acabarían por comer o vital espazo dos vivos e só ficarían rastros intransitábeis de pasado inerte.

MULLER GALÁCTICA: Non, se o espazo é virtual.

EU: Por esa causa a virtualidade é intransitábel.

MULLER GALÁCTICA: Existen infinidade de niveis de virtualidade.

EU: Non o discuto.

Permanezo pensativo.

MULLER GALÁCTICA: Que pensas?

EU: Os vellos soñan con ser recordados e os mozos teiman en esquecer os vellos.

MULLER GALÁCTICA: Non estou certa, os ídolos

EU: Son excepcións.

MULLER GALÁCTICA: Excepcións?

EU: O que máis abunda é o simple esquecemento. O esquecemento triste e abismal dos que partiron. É lei de vida. A lei da vida é a propia vida, lembra. E a vida é lei, non hai máis lei que a vida.

MULLER GALÁCTICA: Habémoste de lembrar durante anos

EU: E despois?

MULLER GALÁCTICA: É mellor pensar a curto prazo.

EU: É posíbel que teñas razón.

Muller Galáctica sobe ao palco e axúdame a baixar da cama, tírame todos os tubos, danzamos por todo o espazo ao ritmo dunha música triunfal.

A música para de repente.

Entra unha intensa luz boreal pola xanela que apaga toda luz artificial.

Muller Galáctica béixame, íspeme.

MULLER GALÁCTICA: Cando a última meta na vida se aproxima, é mellor atravesala docemente e sen dor.

EU: Quero comezar de novo. Sempre pensei que volver comezar era sempre posíbel, sempre.

MULLER GALÁCTICA: Xa ves que non

Silencio.

Muller Galáctica abandóname en metade de escena. Ocupa o seu asento entre o público.

EU: PĒ PĒPĒpéin

Ela entra acompañada de Tipo Sombrío. Chegan abrazados, rindo, tapados por unha bandeira vermella e amarela e cantando o himno oficial do Reino de España.

Podo cheirar os seus alentos. Beberon. Óllanme con auténtico desconcerto.

TIPO SOMBRÍO: Que pasou aquí?

ELA: Que fas espido?

TIPO SOMBRÍO: E os tubos? Non podes estar sen osíxeno, e sen soro. Estás tolo? Como te atreves a

ELA: Non podes andar polo cuarto como se non acontecesse nada.

Ela tenta fechar a xanela mais non o consegue.

EU: A realidade está aberta en canal. A realidade está aberta en canal.

TIPO SOMBRÍO: Fala claro, fai o favor.

ELA: E cando tiveres pis, que facemos? Xa non te controlas.

TIPO SOMBRÍO: Non penses que nós estamos para

EU: Quero saber cantos inmigrantes morreron hoxe ao tentaren atravesar a fronteira. Quero saber cantos inmigrantes foron encarcerados hoxe por non teren documentación, e separados da súa familia e de si mesmos. Quero saber cantos inmigrantes hoxe foron maldicidos por cheiraren mal e non teren auga para tomar unha ducha esta mañá en metade da nada. Quero saber por que está prohibido axudar e curar outro home cando este desfalece por ser ilegal. Quero saber por que a especie humana é unha especie criminal. Quero saber por que a especie humana é unha especie criminal. Quero saber por que a especie humana é unha especie criminal. Quero saber por que a especie humana é unha especie criminal. Quero saber

ELA: E a ti que máis che ten?

TIPO SOMBRÍO: Non debería interesarte nada, excepto o teu futuro.

EU: Matádeme dunha vez.

ELA: (*A Tipo Sombrío*) Tamén non é necesario ese ton

TIPO SOMBRÍO: Desculpa, non era a miña intención

Silencio.

Eles axúdanme a entubarme. Colócanme de novo no meu leito de morte.

TIPO SOMBRÍO: Irei buscar reforzos.

Tipo Sombrío sae como un fantasma tragado por unha nube de formigas.

ELA: Se queres leo noticias sobre dereitos humanos.

EU: Non, se ti non queres, non.

ELA: Só tes que pedilo. Mais, dime, por que?

EU: Estou na mesma situación que eles, atravesando unha fronteira adrede e a sabendas de que non hai outro lado.

ELA: Se queres rezamos un Noso Pai. Nosopaiqueestásnoceo

EU: Dime que non vai vir cura ningún a me dar a extrema unción.

ELA: Non te preocupes, deixei dito en recepción que na 202 non se aceptan visitas.

EU: Grazas.

ELA: Nosopaiqueestásnoceo Nosopaiqueestásnoceo Nosopaiqueestásnoceo

EU: Por favor.

ELA: Nosopaiqueestásnoceo

EU: POR FAVOR.

Silencio.

EU: Déixate tomar por el. Está tolo por ti. Ademais, é un tipo moi simpático e sáenlle os billetes polas orellas. Ten pinta de aforrador.

ELA: Non digas parvadas. Sabes? Cada vez estás máis gracioso.

EU: até morrer de espantosa graza.

Ela salouca. A continuación corre para a xanela e bótase a chorar enchendo de chuvia a paisaxe da noite.

Eu incorpórome, desconecto completamente o meu corpo, achégome a ela e procuro consolala.

EU: Non te avergoñes. É tan natural e tan simple. Non queres ficar soa. Non podes ficar soa. Es egoísta. Eu faría o mesmo no teu lugar. Calquera persoa faría o mesmo. É o mellor. Vaite, faime caso, non voltes por aquí, non voltedes. Non merece a pena

ELA: Es cruel

EU: Non pensas o que dis.

ELA: Que queres de min?

De novo déitome, mais non conecto os tubos ao meu corpo. Non deixarei que ninguén me conecte.

EU: Teño uns cartos aforrados nunha conta corrente ao meu nome. Non é moito mais ha de ser suficiente. Quero que o saques. Con ese diñeiro has de pagar a corenta ilegais para me viren a atender. Catro ilegais cada día que me alegrarán a vida durante dez días. Ao chegar o día once regresaredes ti e el da vosa lúa de mel para me desconectardes definitivamente. Ou mellor... Mellor non regresedes. Non creo que pase do oitavo día... Só quero iso.

ELA: Ilegais?

EU: Ah, por favor... Que non se esquezan de me inxectar a morfina. En abundancia. Se morro de sobredose, será

ELA: Ilegais?

EU: Quero escoitar as súas historias. Escoitar as súas historias ha de aliviarme.

ELA: De onde saco eu corenta ilegais?

Móstrolle un barco de papel onde están escritos corenta nomes con corenta enderezos.

ELA: Vladimir Rodríguez, Maior 6 3º dereita, Mohamed, Mohamed? Este Mohamed non é o negro que vende pulseiras nos bares que hai preto de casa? Un moi simpático e con cara de meniño. Cantas pulseiras lle compraches para me regalar? Ti dicíasmes, olla, desta clase non tes, mais na verdade é que el che daba pena, e que o único que desexabas era axudalo. 40 clientes? Non sabía que tiveses tantos amigos ilegais. Xa sei,

xa sei o que me vas dicir, que traballas nunha ONG, mais as ONGs non teñen prohibido gardar información? Vaia, agora explícome a colección de elefantes brancos, e de discos de vinilo piratas, a colección de carteiras de coiro de todo tipo, e de copias de filmes pasados de moda, e de aneis fantásticos, e de paraugas luminosos de cores, e de flores naturais, e de panos exóticos, e de poemas manuscritos en panos de mesa

EU: Faralo?

ELA: Non podo. Sempre me deron algo de noxo.

EU: PUTA.

ELA: Que dixeches?

EU: Nunca me confesaches o teu noxo, só o teu desagrado.

ELA: É cousa recente. Non o notei até hai pouco.

EU: Sabes o moito que me importan. Se non o fixeres, vounos nomear herdeiros. Quero que veña un notario.

ELA: Hei de confesarche que non temos demasiadas cousas en común. Non te quero.

Silencio.

EU: Por que esperaches tantos anos

ELA: anos perdidos

EU: desde que comezásemos a vivir xuntos para mo dicires?

ELA: Perdóame.

Porén non podo perdoala, que sentido tería perdoala agora? Con que fin? Estou fodido, moi fodido. Ela dime: vou fumar un cigarro. Vaise. Está nerviosa, non fará o que lle pedín mais eu falo en serio, necesito que o faga, necesítoo.

Un réptil entra no cuarto, é Tipo Sombrío. Arrástrase como un lagarto á procura de insectos. Coa súa lingua bate o ar e xera coas cordas vocais sons agudos e dolorosos.

El ponse de pé sobre unha cadeira e troca un fluorescente por outro. Unha luz brillante colorea os lenzois brancos da miña cama. El baixa da cadeira, diríxese á xanela. Consegue fechala.

TIPO SOMBRÍO: Que tal estás?

Eu non respondo.

TIPO SOMBRÍO: Atopeime con ela. Díxome que a insultaches.

Silencio.

TIPO SOMBRÍO: Entendíchesme?

EU: Teño visións.

TIPO SOMBRÍO: Que visións?

EU: Os seres humanos comezaron un proceso de animalización.

TIPO SOMBRÍO: Bah.

EU: Vino cos meus propios ollos.

TIPO SOMBRÍO: Que viches?

EU: Quen es realmente. Agora es un réptil.

TIPO SOMBRÍO: Ese proceso do que falas xa foi descrito por Kafka e desde entón

EU: as metamorfoses son imparábeis

TIPO SOMBRÍO: Si, é certo, dentro dos seus automóviles os homes convértense

EU: convértense en bestas que expulsan testosterona polos ollos e seme pola boca. E ti?

TIPO SOMBRÍO: Eu?

EU: Ti tentas manterte humano mais non podes.

TIPO SOMBRÍO: E ti podes?

EU: Non sei por canto tempo mais procúroo.

Silencio.

El pasea polo cuarto. Recibe unha chamada de teléfono. Fala en voz baixa, non podo escoitalo.

Agora aproxímase a min e fítame aos ollos.

Apaga e garda o seu teléfono.

TIPO SOMBRÍO: A operación será axiña.

EU: Teño medo a durmir e non verme espertar.

TIPO SOMBRÍO: Non demorarán en chegar, prepárate.

EU: Non vou permitir que me arranquen os ollos.

TIPO SOMBRÍO: Non teñas medo, será como ficar cego de repente e ti

EU: Quero continuar a ver

TIPO SOMBRÍO: Mais ti

EU: É só curiosidade. Teño curiosidade por ver como termina todo, como o planeta é fagocitado pola

El tose, incomódanlle as miñas palabras, non quere sentilas, eu non as digo, calo o fundamental.

EU: Oxalá puidese velo. Como os desertos tragan os bosques coa súa lingua de lume lasciva e os tornados varren as cidades coas súas crises financeiras. Desexaría tanto contemplar o fin do mundo. Desexaríaio tanto

TIPO SOMBRÍO: Eras unha persoa sensíbel

EU: A apocalipse é poética. A destrución total é sublime. A morte absoluta de todo o coñecido é fermosa.

TIPO SOMBRÍO: Acouga, queres? Tranquilízate.

EU: Non podo, se algo me conmove é comprobar como desaparece a fame de pracer por sufrimento.

TIPO SOMBRÍO: Non deberías falar así.

EU: Así, como?

TIPO SOMBRÍO: Así.

EU: Por que?

TIPO SOMBRÍO: Faiche mal, debes vivir tranquilo, díxocho o médico, recorda que

EU: A miña excitación anima os tumores. Ás veces penso se non sería mellor enfurecer completamente e morrer gritando sendo unha besta abaneada. Dime, os donos das grandes empresas non teñen tumores?

TIPO SOMBRÍO: Ás veces.

EU: E os donos do sistema financeiro?

TIPO SOMBRÍO: Non o sei.

EU: E os representantes do sistema financeiro nos gobernos?

TIPO SOMBRÍO: A que veñen tantas preguntas?

Entra o médico cun portafolios na man. Imaxino a súa bata branca completamente manchada, babas que saen do seu enorme papo de sapo. O veneno da súa saliva faime chorar.

O médico olla de esguello a Tipo Sombrío e a continuación achégase a min, dime case ao ouvido: Está vostede preparado? Por que tirou as conexións? Que pretende, que é o que pretende coa súa actitude?

EU: Sería mellor agardar a que morra. Non creo que haxa moita diferenza entre

MÉDICO: Xa llo explicamos, o tumor logo lle ha de afectar á vista, desafortunadamente os seus ollos van morrer antes de vostede morrer. E iso mesmo é o que pretendemos evitar.

TIPO SOMBRÍO: Non te preocupes, non che doerá.

EU: Mudei de opinión. Xa non quero vender os meus ollos.

MÉDICO: Non se trata dunha venda.

TIPO SOMBRÍO: É unha simple doazón.

EU: Os meus ollos poderán ver a través doutro cerebro.

MÉDICO: Efectivamente.

EU: Si, é un grande acto de xenerosidade, mais non me dá a gana. Que se fodan os tenistas cegos.

MÉDICO: Mais

EU: Teño dereito a mudar de opinión. Torneime un egoísta. Os meus ollos son os meus ollos, só meus.

TIPO SOMBRÍO: Mais asinaches.

MÉDICO: O que se asina asinado fica.

EU: Onde están os papeis? Quero rachalos.

MÉDICO: Non teña medo. É unha operación moi simple. Un baleirado globular rutineiro.

EU: Quero ficar cego de xeito natural.

TIPO SOMBRÍO: Iso xa non é posíbel.



Incorpórome cheo de rabia.

Lánzome á puñadas co médico.

El saca o seu bate de béisbol e báteme nas costas.

Caio no chan.

MÉDICO: Era necesario.

TIPO SOMBRÍO: (*A min*) Desculpa, amigo.

Ela entra cun ramo de margaridas.

ELA: Amor!



Tírase ao chan e abrázame.

As flores fican espárexidas.

ELA: (*A eles*) Que lle fixestes?

TIPO SOMBRÍO: Agora compadécete.

MÉDICO: Nuns instantes han de chegar os auxiliares. Habémolo de levar ao quirófano. Estean preparados.

O médico sae.

Permanezo fodido no chan.

EU: Soñaba con deixar algo de valor, un par de poemas importantes, máis nada. Son un fracasado e un mediocre. Nunca me sentín tan frustrado como agora, a punto de me despedir

ELA: Amor, amor

NON TE PREOCUPES

EU: Conseguiches o que che pedín?

Silencio.

ELA: Corenta ilegais son demasiados.

Tipo Sombrío recolle as flores e forma con elas un ramo. Ofrécellas a Ela.

ELA: DÉIXAAS ONDE ESTABAN, NON OUVES? DÉIXAAS NO CHAN.

El esfolla a margarida.

TIPO SOMBRÍO: Eu só pretendía axudar.

El sae arrastrándose polo chan como unha lesma, o seu corpo xeme e segrega un líquido viscoso e espumoso de cor verde. Unha vez que Tipo Sombrío desaparece, o carril de secrecións ilumínase de xeito fluorescente.

EU: Por que te deixaches enganar?

ELA: Por que tiveches que enfermarse?

EU: Foi un accidente.

ELA: Foi un accidente.

EU: Hai millares de razóns para enfermarse demasiadas graxas saturadas demasiados afumados demasiadas torradas de pan requemadas demasiado sal demasiado azucre paredes de granito radioactivo uralita que desprende amianto tubaxes de PVC por toda a cidade microondas que non fechan ben a porta probas inútiles de raios X tensións máis tensións o sistema inmunolóxico arrasado por culpa do CO₂ despistes simples descoidos ás veces bebo a auga engarrafada aquecida polo sol en garrafas de plástico

MULLER GALÁCTICA: Chega! Rógoos, alguén debería dar fin a esta comedia.

A Muller Galáctica, após levantarse e interromper o espectáculo sae con grande alboroto e discutindo cos espectadores aos que anima a acompañala fóra do edificio.

EU:

ELA:

Silencio.

ELA:

EU:

ELA:

EU:

Silencio.

EU: ESTE É UN BO DÍA PARA DEIXAR DE ESCRIBIR COMPLETAMENTE

